Isto supón que, durante eses meses, Villares ocultou este feito e, segundo explicou con posterioridade, tamén o ocultou o presidente da Xunta de Galicia, que tamén era coñecedor destes feitos desde o mes de febreiro de 2025.

A noticia destes feitos, e mesmo da dimisión de Alfonso Villares, ten unha transcendencia considerable; tanto polo que supón a natureza do ocorrido, o comportamento silente do presidente da Xunta así como as consecuencias políticas que poidan derivarse.

Asinado o día 30/12/2 09:07 Por Paloma Castro Re
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:07 Por Carmen Rodríguez Dacosta
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:07 Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:32:07
Nº Rexistro: 43339
Data envío: 30/12/2025 11:32:07.039



É sorprendente como ante un acto desta natureza, a Televisión de Galicia apenas lle deu cobertura. Aínda é máis: estruturou a noticia en torno a toma de posesión da nova conselleira do Mar, Marta Villaverde, mentres o xa ex conselleiro era despedido entre palmadas e abrazos por Alfonso Rueda e o resto de conselleiros. De xeito que o eixo principal da noticia, unha denuncia por un presunto delito contra a liberdade sexual, reducía a gravidade deste tipo de delitos ao tempo que revitimiza á presunta vítima.

E deste xeito, en apenas un día, pechou a noticia na que facía pasar inadvertida a causa da renuncia de Villares, ensalzando a súa valía e anunciando á nova conselleira.

Ante o devir dos acontecementos, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Recibiron o director ou directivos da TVG instrucións sobre como tiñan que editar a noticia da investigación do ex conselleiro Alfonso Villares?
2. Ante noticias como a que promoveu a dimisión de Alfonso Villares, teñen sempre na TVG o mesmo protocolo de edición?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:32:07
Nº Rexistro: 43339
Data envio: 30/12/2025 11:32:07.039

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:07:36

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 9:07:42

Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 9:07:50

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 9:07:58

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:32:07
Nº Rexistro: 43339
Data envio: 30/12/2025 11:32:07.039

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:32:07**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2 09:09 Por Paloma Castro R

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Silvia Longueira Castro, Carlos López Font** e **Paloma Castro Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é fundamental especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:09 Por Carlos López Font

A estrada AC-161, que conecta As Angustias con Bergondo, constitúe unha vía de comunicación de grande relevancia para o tránsito local e comarcal. No seu paso polo tramo Castro-Pontellas, no concello de Betanzos, existe unha preocupación crecente pola seguridade viaria, especialmente pola ausencia de beirarrúas axeitadas nunha zona con vivendas e tráfico peonil frecuente.

A actual configuración da estrada, cunha visibilidade reducida e escasa marxe para peóns ou ciclistas, incrementa o risco de accidentes e dificulta a mobilidade segura da veciñanza. A falta de beirarrúas ou espazos habilitados para o tránsito peonil obriga ás persoas a circular pola calzada en determinados tramos, o que resulta especialmente perigoso en horas de baixa visibilidade ou en días de choiva.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:09 Por Silvia Longueira Castro

As veciñas e veciños da zona levan esperando en reiteradas ocasións a mellora deste tramo, tanto coa adecuación e mantemento das beiravías xa

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:32:48
Nº Rexistro: 43341
Data envío: 30/12/2025 11:32:48.441

existentes como coa construción dun novo treito que complete o percorrido peonil e garanta a conexión segura coas parroquias próximas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria no tramo da estrada AC-161 ao seu paso polo lugar de Castro-Pontellas?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia adecuar e mellorar as beiravías xa existentes, mellorando a súa seguridade viaria?
3. Vai a Xunta de Galicia a construír un novo tramo de beiravías que dea continuidade ao percorrido peonil na zona, asegurando a protección e seguridade da veciñanza?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:32:48
Nº Rexistro: 43341
Data envio: 30/12/2025 11:32:48.441

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:09:00**

**Carlos López Font na data 30/12/2025 9:09:07**

**Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 9:09:16**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:32:48
Nº Rexistro: 43341
Data envio: 30/12/2025 11:32:48.441

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:32:49

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:22
Nº Rexistro: 43343
Data envío: 30/12/2025 11:33:22.115

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Desde o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia levamos desde o inicio desta lexislatura solicitando que se cumpra a Lei de servizos sociais de Galicia do ano 2008. Nela fálase da elaboración dun plan estratéxico que sería elaborado polo Goberno da Xunta de Galicia co fin de, cada 6 anos, ter unha planificación conxunta entre o goberno autónomo, os concellos e a sociedade. A realidade é que esta obriga nunca se cumpriu, cando noutras autonomías están xa finalizando o segundo plan estratéxico.

A realidade tamén é que desde hai 16 anos, e tras sucesivos gobernos do Partido Popular, nin Feijóo nin Rueda foron quen de liderar os servizos sociais de Galicia. Diferentes conselleiros e conselleiras de Asuntos Sociais non fixeron máis que asumir as políticas austericidas do Goberno de Mariano Rajoy. Ao tempo que nin planificaban as necesidades dunha sociedade envellecida, nin escoitaban as demandas dos concellos que se vían e se ven abocados a ser os que soportan as demandas de miles de galegas e galegos que, tendo dereito ás prestacións da Lei de dependencia transitan coas súa necesidade de coidados por un labirinto de valoracións e listas de agarda na que esperan anos a ser atendidos.

E precisamente esa falla de planificación levou a que os concellos de Galicia tivesen que dar resposta a través do Servizo de Axuda no Fogar á inxente demanda que suscitaba a Lei de dependencia, á marxe do propio servizo de axuda municipal.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:10
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:09
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:22
Nº Rexistro: 43343
Data envio: 30/12/2025 11:33:22.115

O que vén de acontecer co asasinato o 29 de xullo de Teresa de Jesús Rodríguez, traballadora do SAF no concello do Porriño que pedira o día antes non acudir a prestar o servizo no domicilio debido ao acoso sufrido polo usuario que acabou coa súa vida; é unha terrible e cruel consecuencia do abandono e a saturación que padece o servizo en toda Galicia.

O SAF é, hoxe en día, un traballo feminizado e precarizado polo que ten un marco amplo no que poden ser vulnerados os dereitos laborais das traballadoras. Empresas que estiran ao máximo as quendas e libranzas das traballadoras, moitas delas rexeitan pedir baixas polo precario do salario que chegarían a percibir. E mesmo ven como se incumpre a avaliación de riscos laborais obrigatoria en todos os domicilios nos que se presta servizo. O acontecido no Porriño é un terrible exemplo de como levar a situación ao límite.

O servizo está colapsado, igual que outros servizos e prestacións da Lei de dependencia. A súa lexislación está estruturada a través de tres normativas:

A Lei de servizos sociais do ano 2008, que precisa ser actualizada, e que establece a carteira de servizos sociais, entre eles o SAF como unha prestación de carácter esencial que ten que ofrecer en todo o territorio. O Decreto autonómico 99/2012 que estima que as entidades locais son entidades titulares do servizo no territorio. E a Orde de axuda no fogar de 2008 que regula o servizo. Así como reformas normativas, a última de setembro de 2024, que non están a ser aplicadas na súa totalidade.

Así pois, a Xunta de Galicia é a que crea e establece a carteira de servizos e a que indica que son os concellos os que teñen que efectuala. Ten a obriga de inspección, financiamento e a planificación da regulación normativa que está totalmente desfasada. E a coordinación coa Administración local.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:22
Nº Rexistro: 43343
Data envio: 30/12/2025 11:33:22.115

Pero a realidade é que o SAF é o recurso de dependencia que máis elixen as galegas e galegos, pero está sendo empregado como un “caixón de xastre”, de xeito que tamén palía a longa espera da Lei de dependencia (máis dun ano como mínimo).

Deste modo, bloquéase o sistema producindo esperas longas e ofrecendo unha solución errónea ao usuario e á súa contorna. Os concellos vénse prestando este servizo a modo de “parche” debido, basicamente, á ausencia dese Plan estratéxico establecido na Lei de servizos sociais e que é unha obriga do goberno da Xunta de Galicia e polo que levamos esperando 16 anos.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Consellería de Servizos Sociais realizar unha planificación e outorgarlle ao SAF a aplicación das medidas que promove o Real decreto 893/2024, do 10 de setembro?

2. Estima a Consellería de Asuntos Sociais constituír a Mesa Técnica de Dependencia entre responsables políticos e colexios profesionais para que acorden un plan de actuación que solvente a prestación de servizos e a concesión dos dereitos das persoas traballadoras e as usuarias?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:22
Nº Rexistro: 43343
Data envio: 30/12/2025 11:33:22.115

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:09:56**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:10:03**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:22
Nº Rexistro: 43343
Data envio: 30/12/2025 11:33:22.115

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:33:22**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:53
Nº Rexistro: 43344
Data envío: 30/12/2025 11:33:53.638



Asinado o día 30/12/2 09:11
Por Carlos López Fon

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Silvia Longueira Castro, Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

As promocións de Galivivienda no barrio coruñés de Xuxán parten da cesión de 5 parcelas adxudicadas pola Xunta de Galicia, que primou sobre outros criterios, incluso sobre a calidade arquitectónica, o prazo de reversión das vivendas á Administración autonómica.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:10
Por Aitor Bouza Manso

Unha vez recibidas as parcelas, a adxudicataria cedeu unha delas á Luzada. O valor total das 4 cedidas a Galivivenda ascende a 4,5 millóns de euros.

A Galivivenda correspóndelle construír 224 vivendas que poderá explotar durante 50 anos desde a adxudicación do chan, en xullo de 2023. Estas vivendas contan cunha subvención do Goberno de España, a través dos fondos do Plan de recuperación, de 10.748.754 €.

Esa subvención fixa dúas condicións: que as vivendas estean rematadas antes do 30 de xuño de 2026 e que os prezos de alugueiro sexan de 343 € para un piso dun dormitorio, 423 € para dous dormitorios e 530 € para tres.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:10
Por Silvia Longueira Castro

Porén, a xestora foi modificando o plan económico para as persoas cooperativistas. Acortou a 120 cotas o prazo para a achega de capital e incrementou en 10.000 € o total a aportar, pasando de 53.000 € a 63.000 €. Isto obrigaba a pagar, durante 10 anos e ademais do alugueiro, 475 € mensuais en concepto de capital para a construción do edificio. No primeiro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:53
Nº Rexistro: 43344
Data envío: 30/12/2025 11:33:53.638



plan económico, esa mesma cantidade —descontada a achega previa á entrega de chaves (uns 13.000 €)— aboábase en 36 anos.

En total, as persoas cooperativistas acabarían pagando 63.000 € máis o seu alugueiro, o que suporía arredor de 400.000 €, sen que ao cabo de 50 anos fosen propietarias da vivenda. A cesión de dereitos de superficie revertería entón á Xunta, como propietaria do chan, incluíndo os edificios construídos.

Galivivienda e Gesviego, a xestora contratada pola adxudicataria e que teñen as mesmas persoas ao fronte, chantaxearon aos cooperativistas coa data límite do 15 agosto para que asinasen as cotas abusivas e as condicións sen concretar que lles impoñían, ou quedaban fóra.

A xestora xustificou estas condicións alegando que eran necesarias para obter financiamento do Instituto de Crédito Oficial (ICO), pero non é certo. Acudiu ao ICO só despois de ser rexeitada por entidades bancarias privadas, incluídas entidades de banca ética, onde si o conseguiu A Luzada. O ICO segue estudando a súa posible participación.

É totalmente irresponsable culpar ao ICO do plan económico-financeiro proposto pola xestora, e máis aínda, pretender modificalo sen ter garantido o financiamento.

Ademais, en abril de 2024 a xestora solicitou a licenza de obra sen aboar taxas nin avais ata marzo de 2025, é dicir, dous anos despois de adxudicárselle a cesión do chan. Polo camiño, subrogou a varias persoas cooperativistas noutra cooperativa para mellorar o seu *rating* de cara á obtención de financiamento.

O Concello da Coruña cumpriu coa aprobación das licencias en tempo e hora; o Goberno do Estado cumpriu coa Xunta: aprobou e transferiu en prazo unha subvención de 10,7 millóns de euros. Por iso, a día de hoxe, unha das

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

principais preocupacións é que as vivendas estean rematadas antes do 30 de xuño de 2026.

En toda esta operación urbanística opaca, que provoca un prexuízo enorme ás familias afectadas, a Xunta fixo caso omiso das peticións destas, así como das do Concello e do Ministerio de Vivenda. Ademais, omitiu a súa obriga de fiscalizar o cumprimento das condicións da licitación, permitindo que se desvirtúe o carácter social desta promoción, malia os millonarios recursos públicos destinados a tal fin.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

14. Por que a Xunta primou na adxudicación das parcelas de Xuxán os prazos mínimos de devolución das parcelas e vivendas á Xunta (50 anos) fronte a outros criterios?

2. Pensa que esta é razón de que o Plan económico de Galivienda sexa inviable e que estea a causar estas dificultades?

3. Por que non se obriga a Galivivienda a manter os termos sociais da adxudicación?

4. Por que non se obriga a Galivivienda a que actúe coa máxima transparencia coas persoas cooperativistas, dándolles toda a información que precisen para adoptar as súas decisións?

5. Canto dos 10,7 millóns transferidos polo Goberno de España á Xunta chegou realmente á xestora da cooperativa de Xuxán?

6. Cales son os termos de contratación da xestora por parte de Galivivenda?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:53
Nº Rexistro: 43344
Data envío: 30/12/2025 11:33:53.638



7. Canto cobrará a xestora? É verdade que cobrará entre 4 e 5 millóns, segundo denuncian os cooperativistas?

8. É verdade que tal e como denuncian os cooperativistas, os técnicos da Xunta lles dixeron aos cooperativistas que se buscasen un avogado?

9. Era coñecedora a Xunta de que Galivivenda e Gesvieco teñen ao fronte as mesmas persoas?

10. Estase a comprobar que Galivivienda cumpre cos pregos da licitación?

11. Considerase un incumprimento a subrogación forzada das familias cooperativistas?

12. Que accións tomou ante os atrasos nas solicitudes e no pagamento das licenzas de obra por parte de Galivivienda?

13. Que pensa facer a Xunta se a axuda do Goberno de España se debe devolver?

14. Se os fondos europeos se perden, continuará a Xunta a construción das vivendas sociais nas súas parcelas?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:53
Nº Rexistro: 43344
Data envio: 30/12/2025 11:33:53.638

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:10:49**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:10:58**

**Carlos López Font na data 30/12/2025 9:11:04**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:33:53
Nº Rexistro: 43344
Data envio: 30/12/2025 11:33:53.638

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:33:54**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado martes 26 de agosto, publicábase o Real decreto 743/2025. Trátase dun marco normativo que aproba a capacidade ordinaria do sistema de protección e tutela para a recepción de menores non acompañados nas comunidades autónomas.

Con anterioridade, o Consello de Ministros aprobou un real decreto o 22 de xullo no que se establecía o procedemento de acollida.

Aínda que este real decreto non fixa o número de traslados a cada comunidade, si vai permitir que as comunidades ou cidades autónomas que se atopen nunha situación de sobreocupación, soliciten a continxencia migratoria extraordinaria. Deste xeito, desde o pasado día 28 de agosto pode levarse a cabo o reparto pola península dos menores que non estean acompañados, desde os territorios sobre ocupados do país.

Dada a gravidade e importancia deste asunto, este era un dos temas que se tiña que abordar na Conferencia sectorial, convocada polo Ministerio de Juventud e Infancia que no mes de xullo deste ano tivo lugar en Madrid. E o alarmante é que esta conferencia tivo que ser suspendida pola falta de "quórum" debido a que as comunidades autónomas nas que goberna o Partido Popular, con ou sen Vox, non asistiron.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:11
Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:11
Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non deixa de ser alarmante que nunha situación de emerxencia humanitaria, o Partido Popular "dite" desde Madrid a negativa dos seus gobernos autónomos a tan sequera chegar a debater puntos de vista sobre como levar a cabo o acollemento de menores que chegan ao noso país sen ningúen que os coide ou protexa. E vense abocados a levar unha vida desprovista de calquera arraigo ou lugar de referencia, tan necesarios ao longo da vida e moito máis na infancia e adolescencia.

Por suposto que o Partido Popular de Galicia e o presidente da Xunta de Galicia alienáronse co ditado de Vox e Núñez Feijóo; negándose a recibir en Galicia aos menores que, por lei, terán que chegar ao noso país. Galicia ten unha capacidade ordinaria para acoller a 886 menores, segundo a ratio establecida para as comunidades autónomas de todo o país. E a realidade é que chegarán 317 menores, segundo o decreto lei aprobado en agosto.

Esta realidade global vén a chocar coa xa existente no goberno da Xunta de Galicia no que tanto as políticas de protección a infancia, o reto demográfico ou a asistencia ás familias en risco de exclusión forman parte dese "pelotón de programas" que teñen máis vixencia sobre o papel que sobre a vida cotiá. E están encadradas máis como propaganda que como xeito de solucionar problemas que se atopan externalizados en organizacións do terceiro sector que a súa vez dependen clientelarmente do propio goberno da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:34:31
Nº Rexistro: 43346
Data envío: 30/12/2025 11:34:31.702

Dada esta situación de negatividade para acoller aos menores que chegan á España fuxindo da miseria e na procura da dignidade, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Cales son os motivos polos que o goberno da Xunta de Galicia non presentou ningunha proposta nas tres conferencias sectoriais de Infancia e Adolescencia, e nas tres comisións sectoriais levadas a cabo polo Goberno de España nestes últimos meses?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:34:31
Nº Rexistro: 43346
Data envio: 30/12/2025 11:34:31.702

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:11:44**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:11:50**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:34:31
Nº Rexistro: 43346
Data envio: 30/12/2025 11:34:31.702

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:34:32**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Partido Popular leva anos presentando as escolas infantís de Galicia como unha xoia da coroa das súas políticas sociais. Galicia é por cuarto ano consecutivo, segundo a Consellería de Asuntos Sociais "pioneira" en canto a escolarización de 0 a 3 anos. Din que somos pioneiros na gratuidade universal de 0 a 3 anos. Pero, como tantas veces acontece co Partido Popular, a realidade está moi lonxe do titular. Ante a gratuidade da matrícula a pregunta é: onde é gratuíta?

Porque o que non contan é que a Xunta de Galicia non incrementou de maneira suficiente a rede pública, senón que se limitou a financiar tamén prazas privadas. O resultado é o seguinte:

En moitas cidades, as familias seguen sen ter praza pública e acaban nun centro privado sufragado con diñeiro de todas e todos. É dicir, o Partido Popular substitúe o dereito a unha educación pública temperá pola subvención encuberta á privada. Esa é a súa "universalidade": universalidade de propaganda, non de dereitos efectivos.

En varias ocasións preguntamos cal é o modelo da Xunta de Galicia con respecto ás escolas infantís en Galicia, dado que se rexeitaron, fai un ano, 23 millóns de euros para a construción de novas escolas. Dado que neste momento as escolas infantís poden estar adscritas aos seguintes entes:

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:12
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:12
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:08
Nº Rexistro: 43348
Data envío: 30/12/2025 11:35:08.034



- Consorcio de Igualdade e Benestar Social (“A Galiña Azul”)
- Axencia Galega de Servizos Sociais
- Centros privados
- Centros privados de carácter social

Pois ben, a día de hoxe, cando volvermos a preguntar aos responsables da Consellería de Política Social cal é o modelo de escolas infantís e na resposta é: “o maior número posible de familias poidan acceder a unha escola infantil gratuíta”. É dicir, confunden un obxectivo co concepto de modelo.

A realidade é que temos unha rede mixta desequilibrada, na que a Xunta non lidera coa súa propia oferta pública, senón que se limita a parchear con convenios e cheques. E con serios problemas de parazas nas grandes cidades. E mentres tanto, quen sostén este sistema?

As educadoras, que levan anos denunciando precariedade: contratos temporais, salarios baixos, condicións laborais indignas… e ratios imposibles. E os concellos que reciben menos dun terzo de financiación por neno do que reciben as entidades privadas.

Outro elemento que a Xunta oculta sistematicamente é o emprego da lingua. A etapa de 0 a 3 anos é clave para que o galego estea presente de maneira natural na vida das crianzas. Máxime cando estamos a vivir unha emerxencia lingüística que tal e como recoñece o goberno da Xunta de Galicia “precisa de solucións transversais”.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:08
Nº Rexistro: 43348
Data envio: 30/12/2025 11:35:08.034



Por tales motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten planificado a Consellería de Política Social definir un modelo de escola infantil que garanta o cumprimento de ratios, retribucións dignas ao persoal, e a eliminación de contratos temporais?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:08
Nº Rexistro: 43348
Data envio: 30/12/2025 11:35:08.034

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:12:21**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:12:27**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:08
Nº Rexistro: 43348
Data envio: 30/12/2025 11:35:08.034

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:35:09

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:13
Por Elena Espinosa M

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Aitor Bouza Manso** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Vimos de coñecer o último informe do Instituto Galego de Estatística sobre o uso da lingua galega no 2024. Novamente, reflíctese unha baixada no número de falantes da nosa lingua, xa non só no ámbito do fogar, senón noutros ámbitos coma o dos negocios audiovisuais, as redes sociais e outros moitos nos que o galego cada día está mais marxinado.

Este informe reflicte tamén a pobre situación do uso do galego nos rangos de idade máis mozos, onde segundo os datos a maioría fala máis castelán que galego ou, inclusive, só directamente castelán. Tamén sucede o mesmo se nos atendemos a criterios demográficos e poboacionais, xa que se ben o galego sufre un declive en todos os ámbitos, este é aínda máis claro nas grandes áreas urbanas do país e, modo xeral, as poboacións que superan os 50.000 habitantes.

Se ben existe un ensino parello de galego e castelán no ámbito educativo, recollido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo na ensinanza non universitaria de Galicia, vemos que este non está a axudar ao desenvolvemento do uso do galego entre os mozos e mozas de Galicia. Tampouco están a ser útiles as diversas medidas instauradas pola Xunta de Galicia nos últimos anos, tal e como son o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade 2019-2022 ou diversas iniciativas que a Xunta está a incumprir, ou cumprindo a contagotas tal e como se recolle en distintos medios de prensa.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:13
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:13
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:48
Nº Rexistro: 43350
Data envio: 30/12/2025 11:35:48.652

Exemplos do comentado é a iniciativa Xabarín, aprobada en 2021, que insta á Xunta de Galicia a chegar á acordos coa Administración e empresas para garantir o dobraxe e subtitulaxe de contido audiovisual en galego, e que, se ben se lograron avances coa inclusión do galego en diferentes plataformas audiovisuais, estes non son suficientes, xa que tal e como anuncia o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, tan só existía un 0,83 % da programación infantil en galego dispoñíbel nas operadoras de televisión no ano 2022. Outros exemplos son a creación da plataforma dixital da CRTVG "Agalega" no ano 2024, propiciada tamén da iniciativa Xabarín, ou a creación do "Proxecto Nós" para a inclusión da lingua galega nas Intelixencias Artificiais (IAs). Aplaudimos estas iniciativas, mais rexeitamos a tardanza da Xunta de Galicia.

En definitiva, a pesar do incremento do orzamento nestes últimos anos destinado ás tarefas e accións da actual Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, obsérvase, cos datos na man, que o incremento orzamentario non ven da man dun incremento no uso do galego, especialmente na mocidade, presente e futuro de Galicia.

Ante esta situación, e atendéndonos ao contido do tratado das Cartas das Linguas Rexionais ou Minoritarias, emitido polo Consello de Europa no ano 1992, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que directrices contan seguir os plans de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade os próximos anos?
2. Cales son as próximas medidas da Xunta respecto do galego nos medios de comunicación, redes sociais e TIC?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:48
Nº Rexistro: 43350
Data envio: 30/12/2025 11:35:48.652

Grupo
Parlamentario
Socialista

3. Que medidas, de cara ao fomento da lingua galega, se contan incluír no Pacto Pola Lingua?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:48
Nº Rexistro: 43350
Data envio: 30/12/2025 11:35:48.652

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:13:40**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:13:48**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:13:55**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:35:48
Nº Rexistro: 43350
Data envio: 30/12/2025 11:35:48.652

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:35:49

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A educación infantil de 0 a 3 anos é unha etapa fundamental para o desenvolvemento integral das nenas e nenos, recoñecida como servizo esencial e de interese xeral. A súa provisión e financiamento deben responder a criterios de igualdade, equidade e calidade, garantindo que todas as familias teñan acceso a prazas públicas gratuítas, con independencia do lugar de residencia ou da titularidade do centro.

Porén, o actual modelo de financiamento impulsado pola Consellería de Política Social e Igualdade establece unha clara discriminación entre escolas privadas e escolas de titularidade municipal. Así, cando a escola infantil é privada, a Xunta de Galicia achega unha subvención de 320,70 euros por praza. Pola contra, cando é de titularidade municipal, a contía redúcese a tan só 68,30 euros por praza.

Este desequilibrio non só penaliza economicamente aos concellos que apostan polo servizo público, senón que tamén introduce un incentivo perverso que favorece a proliferación de prazas privadas fronte ás públicas, desvirtuando o principio de servizo público e gratuíto. Ademais, a cantidade que reciben os concellos resulta claramente insuficiente para financiar axeitadamente as escolas municipais, obrigando ás administracións locais a asumir un gasto que moitas veces non poden afrontar cos seus recursos limitados. Isto limita a capacidade dos concellos para ampliar ou mellorar a rede municipal de escolas

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:14
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:14
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infantís, perpetuando desigualdades territoriais e reducindo a oferta pública en favor de modelos privatizados.

A política educativa da Xunta de Galicia neste ámbito non responde, polo tanto, a unha defensa decidida da escola pública de 0 a 3 anos, senón a un modelo que deriva recursos públicos cara a empresas privadas, debilitando a rede municipal e condicionando o acceso á educación infantil gratuíta a decisións de xestión local e á capacidade económica de cada concello.

Nun contexto no que a gratuidade e universalidade da educación infantil é un obxectivo estratéxico, o financiamento debe ser xusto e equitativo, blindando o modelo público e asegurando que ningunha administración local teña que renunciar a ampliar ou manter escolas municipais por falta de apoio económico da Xunta de Galicia.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a motivación da Xunta de Galicia para manter un criterio claramente discriminatorio no financiamento da educación infantil de 0 a 3 anos, que favorece ás escolas privadas en detrimento das de titularidade municipal?
2. Ten previsto a Xunta modificar o actual modelo de financiamento da educación infantil de 0 a 3 anos para implantar un sistema que garanta a gratuidade real deste servizo público e que asegure o financiamento do 100 % das prazas, con independencia da súa titularidade?
3. Que medidas ten previstas a Xunta para dotar aos concellos dos recursos necesarios que lles permitan manter adecuadamente as escolas infantís municipais de 0 a 3 anos?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:36:22
Nº Rexistro: 43352
Data envio: 30/12/2025 11:36:22.648

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:36:22
Nº Rexistro: 43352
Data envio: 30/12/2025 11:36:22.648

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:14:06**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:14:12**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:36:23**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 30 de maio de 2023 asinábase o "Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade".

Nel prevese o desenvolvemento das seguintes actuacións:

1.- A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
2.- A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

Houbo un primeiro reaxuste nas partidas a inverter, e finalmente o Concello da Coruña faría a seguinte aportación ás infraestruturas do CHUAC:

Ano 2024 - 547.681,73 €
Ano 2025 - 5.000.000,00 €
Ano 2026 - 6.672.318,27 €
Ano 2027 - 10.000.000,00 €

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:14
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:14
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero o pasado 15 de setembro, a alcaldesa da Coruña, Inés Rey e o voceiro do Goberno municipal, José Manuel Lage, na visita ao acceso provisional que está habilitado desde a AC-10 para o novo CHUAC, puideron comprobar que, polo estado dos traballos, non se van a cumprir os prazos anunciados pola Xunta de Galicia no ano 2022. Anunciaba o entón presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que o 80 % dos traballos estarían rematados no ano 2025.

Ante o estado actual dos traballos, o voceiro do concello coruñés ve oportuno a convocatoria da comisión de seguimento das obras, coa fin de que saibamos, coa maior exactitude posible, cales son os prazos reais para a finalización das obras do CHUAC.

A situación de provisionalidade, debido ás obras, que está a vivir o CHUAC é sen dúbida unha oportunidade de mellora para toda a infraestrutura sanitaria coruñesa en particular; e para Galicia en xeral. O CHUAC é un centro de referencia sanitario cun valor engadido no eido da investigación e o desenvolvemento de novas terapias. Atende a unha área de influencia inmediata de máis de 420.000 persoas, é o hospital punteiro de Galicia e desenvólvese como centro de formación da Universidade de Santiago.

Isto significa que calquera acción que teña que ver con abordar melloras na súa infraestrutura ten que vir marcada por unha férrea planificación en aras a que:

- non haxa merma na atención sanitaria
- non teña parálise os procesos de investigación
- siga sendo eficaz a labor de formación.

A todo isto súmase a preocupación que amosan tanto o Colexio de Médicos como os representantes sindicais dos traballadores do hospital coruñés. Non soamente polo que supón as condicións do equipo de traballadores do

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:36:42
Nº Rexistro: 43353
Data envío: 30/12/2025 11:36:42.002



CHUAC, senón pola posibilidade de que poida resentirse parte de atención se estas obras prolónganse no tempo sen un horizonte firme no que levar a termo as obras.

O Concello da Coruña aporta 22 millóns de euros para cofinanciar unha actuación que ten carácter autonómico, e nun dos hospitais de referencia no noroeste de España. Tal e como sinalan desde o Concello da Coruña a realidade é que “non se están a cumprir os prazos e a cidadanía debe ser coñecedora de cales son os prazos reais para o remate do novo CHUAC”.

Desde o Goberno municipal da Coruña recalcan que “hai cooperación institucional”, mais tamén lembran que o Concello ten posto 22 millóns de euros para cofinanciar unha actuación que é de carácter autonómico.

Por tales motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é a data que ten previsto a Consellería de Sanidade para o remate das obras do novo CHUAC?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:36:42
Nº Rexistro: 43353
Data envio: 30/12/2025 11:36:42.002

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:14:38

Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:14:45

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:36:43

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:37:16
Nº Rexistro: 43355
Data envío: 30/12/2025 11:37:16.162

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A través de diferentes comisións e plenos vimos debatendo o cumprimento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía coñecida como Lei Paz Andrade. A lei naceu dunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) impulsada pola cidadanía e apoiada por máis de 17.000 sinaturas. É unha das poucas leis galegas de orixe cidadá aprobadas por unanimidade.

A lei foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de marzo de 2014 e publicada no DOG o 8 de abril de 2014. Fomentar o ensino da lingua portuguesa en Galicia, reforzar a conexión cultural, económica e institucional coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e aproveitar a proximidade lingüística galego-portuguesa para abrir oportunidades no ámbito cultural, económico e internacional son os seus obxectivos fundamentais.

A educación, os medios de comunicación, a cooperación institucional e económica e a cultura son os ámbitos sobre os que actúa a lei. Ata o de agora, máis de 11 anos despois, os obxectivos da lei avanzaron con apenas resultados, xa que nunca se marcaron obxectivos anuais concretos para o cumprimento da mesma. Máis de 7.000 alumnos, a día de hoxe, entre EOI e secundaria estudan portugués en Galicia; implementando así as competencias das galegas e galegos con unha lingua estranxeira.
Pero a realidade é que a lei está "durmida" en cuanto a marcar obxectivos (fai apenas un ano que finalmente constituíron o Observatorio da Lusofonía que

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:15
Por Aitor Bouza Manso
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:14
Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

marcaba a lei) e coñecer detalladamente que actividades están a facer desde a Consellería de Cultura para cumprir cos artigos da lei, é unha tarefa cheas de meandros e recovecos, xa que as "actividades" das que informan desde a Consellería de Cultura son accións que están previstas ao marxe da propia lei.

Ademais, a Consellería debe elaborar un informe anual pormenorizado sobre as accións de cumprimento da lei, cos custos e previsións para o exercicio seguinte, e remitilo ao Parlamento.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a Consellería de Cultura incluír un orzamento específico para o cumprimento da Lei Paz Andrade con un relatorio específico de obxectivos?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:37:16
Nº Rexistro: 43355
Data envio: 30/12/2025 11:37:16.162

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:14:56**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:15:05**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:37:16
Nº Rexistro: 43355
Data envio: 30/12/2025 11:37:16.162

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:37:16

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O 19 de setembro de 2025 fixo dous anos que o noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, defendía no Congreso en Madrid que o galego fose a lingua cooficial no Congreso.

Debatíase unha reforma do Regulamento do Congreso para permitir o uso das linguas cooficiais na Cámara.

Os deputados de Vox abandonaban o hemiciclo do Congreso ao arranque da sesión plenaria cando o noso portavoz, e deputado entón na Cámara, José Ramón Besteiro, estreaba o dereito a empregar as linguas cooficiais no debate parlamentario. E a lingua galega sonaba na primeira parte da súa intervención. Besteiro subira a tribuna a defender a proposta de reforma do Regulamento que daría vía libre para empregar o galego, o euskera e o catalán no Congreso. Deu os bos días en castelán e nas tres linguas, e agradeceu ao grupo socialista que fose el quen tiña a honra de defender este cometido: "é unha dobre honra facelo na miña lingua materna, o galego»; engadindo que tiña «a sorte de falar varios idiomas» e «como galego, dóeme que o partido que goberna en Galicia queira impedir que a nosa lingua se fale no Parlamento de España».

Desde o grupo do PP, Borja Semper foi o encargado de comunicar o voto en contra da súa formación política, engadindo que o Partido Popular non ía

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:15
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:15
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"aceptar leccións" porque para os conservadores o que se estaba aprobando no Congreso "atentaban contra o común".
Non deixa de ser triste que alguén como Núñez Feijóo que foi presidente da Xunta de Galicia durante case catro lexislaturas votase en contra do uso da súa propia lingua no epicentro da democracia institucional como é o Congreso.

Durante este tempo, houbo oportunidades nas que o galego se postulase como lingua cooficial no Parlamento Europeo. Desde o Ministerio de Asuntos Exteriores leváronse a cabo varios intentos para acadar un apoio maioritario das forzas políticas. Pero a vertente conservadora actuou como un freo nas diferentes negociacións, sendo os primeiros responsables os parlamentarios do Grupo Popular en Europa. Aínda que, no Parlamento galego, o Grupo Socialista conseguiu acadar a unanimidade da Cámara para apoiar que o galego fose lingua cooficial en Europa.

Ante esta situación,  a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está disposto o Partido Popular a apoiar, xunto coas forzas políticas desta cámara, que o galego sexa lingua cooficial en Europa pedíndolle aos parlamentarios europeos do PP que apoien a cooficialidade do galego na cámara europea?

2. Está disposto o señor Rueda a pedirlle ao Sr.Feijóo e aos parlamentarios europeos do PP que apoien a cooficialidade do galego na cámara europea?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:37:54
Nº Rexistro: 43357
Data envío: 30/12/2025 11:37:54.168

Grupo
Parlamentario
Socialista

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG



28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:37:54
Nº Rexistro: 43357
Data envio: 30/12/2025 11:37:54.168

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:15:42**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:15:48**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:37:54
Nº Rexistro: 43357
Data envio: 30/12/2025 11:37:54.168

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:37:54**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:38:28
Nº Rexistro: 43359
Data envío: 30/12/2025 11:38:28.838

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia trouxo, como era de esperar, diferentes situacións que deixaron abandonados a súa sorte ás familias de nenas e nenos con diversidade funcional.

Un dos casos con máis agravante é o do CEIP plurilingüe Vicente Otero Valcarcel de Carral. Poboación que xunto a outros concellos como Arteixo, Cambre, Culleredo Oleiros ou Abegondo conforman a área metropolitana coruñesa; e que son núcleos nos que está a aumentar o número de habitantes e, polo tanto, aumentan tamén diferentes tipos de necesidades.

A ANPA do colexio puxo en evidencia a falta de profesorado de apoio e coidador do alumnado con necesidades especiais, até o punto de que un alumno con un grado tres de dependencia lle foi denegado unha persoa coidadora na aula. Toda vez que o ano anterior ese mesmo alumno contaba con ese coidador dentro da aula.

A situación é aínda máis complexa xa que o centro conta con sesenta alumnos que tras unha avaliación levada a cabo polo profesorado, precisan (nalgunha medida) apoios e coidados dentro do ámbito da educación inclusiva. Con todo só trinta deses sesenta alumnos foron valorados.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:16
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:16
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A outra metade dos alumnos (se ben na avaliación previa detectouse a necesidade dalgún tipo de apoio) aínda non foron valorados polos equipos específicos e, polo tanto, non terán nin profesor de apoio, nin coidador (se este último fose necesario).

Ademais, como diciamos no inicio desta exposición, a poboación de Carral está a aumentar ano a ano. Trátase de xente nova, parellas que esperan o seu primeiro fillo e que, polo tanto, serán escolarizados na vila. Todo indica que seguirá crecendo en poboación e en necesidades.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten a Consellería de Educación algunha proposta para paliar as deficiencias dos colexios da área metropolitana da Coruña respecto da educación inclusiva?

2. Cando ten planificado a Consellería de Educación cubrir as prazas necesarias de coidadores e persoal de apoio no CEIP plurilingüe Vicente Otero Valcárcel de Carral?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:38:28
Nº Rexistro: 43359
Data envio: 30/12/2025 11:38:28.838

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:16:34**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:16:41**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:38:28
Nº Rexistro: 43359
Data envio: 30/12/2025 11:38:28.838

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:38:29

CSV: BOPGDSPG-GbAK1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:39:07
Nº Rexistro: 43361
Data envío: 30/12/2025 11:39:07.542



Asinado o día 30/12/2 09:17 Por Carlos López Fon

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A parroquia de Dormeá é unha das 13 parroquias que compoñen o municipio de Boimorto, na comarca de Arzúa. Atópase atravesada pola estrada AC-840. Trátase dunha aldea na que comeza a asentarse poboación que ven do eido urbano e que polo tanto tamén van a demandar servicios e prestacións.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:17 Por Aitor Bouza Manso

O feito de que estea atravesada pola estrada AC-840 conleva unha serie de riscos dos que veñen avisando as veciñas e os veciños. Malia que está indicado o cartel de 50 quilómetros por hora á entrada do núcleo rural, o tráfico rodado en; xeral e os camións que van cara o polígono de Melide en particular, desenvolven velocidades que superan o límite e mesmo disuaden aos veciños de poder cruzar de un lado ao outro da estrada.

Hai que ter en conta, ademais, que a orografía do territorio fai que boa parte dea vivendas atópanse a un lado da estrada e as fincas e leiras; así como a igrexa, están situadas ao outro. Isto provoca que en varias ocasións ao longo do día os veciños teñan que arriscarse a cruzar dun lago ao outro sen ningún tipo de dispositivo, sinal ou disuasión que lles dea seguridade. O mesmo acontece co autobús do transporte escolar e coa liña de bus que chega coas veciñas e cos veciños que viven en Dormeá pero traballan na Coruña.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:16 Por Silvia Longueira Castro

O punto principal está no paso da estrada polo lugar de Boavista. Alí a AC-840, unha das estradas máis transitadas da comarca de Arzúa, é onde marca o seu

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

punto de inflexión xa que é onde se concentran a maior parte das casas e mesmo o paso para acceder á igrexa e as terras de labradío ou pasto.

Non teñen badéns que fagan diminuír a velocidade do tránsito, non teñen paso de peóns ou unha regulación semafórica que disuada e obrigue a diminuír a velocidade; atópanse na situación que incluso algún veciño foi sancionado por cruzar a vía sen ter indicado por onde debe facelo, xa que a Xunta de Galicia nunca accedeu a sinalizar o viario con un paso de peóns ou con semáforos. Os veciños lévano denunciando fai xa anos e mesmo desde o ano 2021 pedindo que desde a Xunta fáganse cargo de arranxar esta situación tan perigosa.

Por tal motivo, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia atender ás demandas das veciñas e dos veciños da parroquia de Dormeá no que respecta á seguridade viaria da poboación?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:39:07
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 30/12/2025 11:39:07.542

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:16:54**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:17:01**

**Carlos López Font na data 30/12/2025 9:17:08**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:39:07
Nº Rexistro: 43361
Data envio: 30/12/2025 11:39:07.542

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:39:08**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:42:20
Nº Rexistro: 43364
Data envio: 30/12/2025 11:42:20.272



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O mes de agosto de 2025 vai ser recordado coma un dos períodos máis dramáticos do rural en Galicia. A vaga de incendios non só deixou unha pegada difícil de reparar no medio ambiente senón que veu a contribuír a isolar, aínda máis, a ese rural que está a piques de desertizarse sen unha solución de referencia.

Máis de 158.000 hectáreas eran extinguidas unha tras outra polo lume, dando lugar a unha nova variante de incendios para os cales Galicia non só non estaba preparada senón que nin tan sequera tiña posto en marcha un plan anual de prevención de incendios con brigadas  durante todo o ano. O resultado e tan devastador coma inesquecíbel.

Por outro lado, o Índice Xeral de Produción industrial (IPI) caeu un 3,4 % tamén no mes de agosto, se o poñemos en relación co mes de agosto de 2024. O dato é significativo: a produción industrial en Galicia reduciuse un 25,7 %, mentres no conxunto do estado o IPI subiu un 0,4 % recuperando de dúas baixadas consecutivas.

E a vivenda continúa a ser un problema. Non é só no acceso á vivenda no propio rural, senón tamén o prezo do aluguer / compra que segue en aumento, especialmente en concellos con servizos relativamente próximos ou rurais con certa demanda.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:18
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:18
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A realidade é que dos plans que ten posto en marcha a Xunta para o reto demográfico temos pouca información ou máis ben ningunha. De xeito que non podemos valorar nin o que se inviste nin o que se acada coma obxectivo primordial. Liñas como as dos 4 millóns do ano 2024 para o acceso a vivenda, o programa Galicia Retorna e as axudas xeneralistas… conforman accións independentes pero realmente no que se refire a un plan pechado e combinado, que teña o efecto necesario sobre o rural e as súas posibilidades de xerar negocio e asentamento de poboación, non temos noticias nin se esperan (dado os datos que enunciabamos ao principio desta iniciativa).

Se comparamos os proxectos de reto demográfico doutras comunidades autónomas, vemos que Galicia ten medidas que non atopan a correspondente intensidade orzamentaria e avaliación de impacto. Así coma de políticas integradas nas que as  de vivenda teñen éxito se se acompasan con emprego local, servizos sanitarios/educativos e conectividade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia remitir datos trimestrais/anuais desagregados por concellos explicando o impacto das medidas de reto demográfico?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:42:20
Nº Rexistro: 43364
Data envio: 30/12/2025 11:42:20.272

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:18:05**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:18:13**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:42:21**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia leva anos incorporando en distintos plans e programas medidas parciais relacionadas coa inclusión e a diversidade cultural: a Estratexia de Inclusión Social 2023-2030, a Estratexia de Inclusión da Poboación Xitana 2025-2030 ou os programas de acollida educativa ao alumnado estranxeiro. Porén, ningunha destas accións constitúe unha verdadeira Estratexia Galega de Interculturalidade que aborde de forma integral os ámbitos educativo, sanitario, social, laboral e cultural.

Tanto o conflito da guerra de Ucraína, os de oriente medio que abranguen o éxodo Sirio e mesmo a posibilidade do que acontece de xeito cruel co xenocidio de Gaza; e, por suposto, a chegada de persoas menores de idade que chegan a España sen seu pai e súa nai, indican que a sociedade galega debe contar con unha estratexia integral que sirva de sensibilización e acollida a aqueles que foxen do terror, o exterminio ou a fame.

Nun contexto no que Galicia acolle cada vez máis persoas de orixes diversas e no que a convivencia intercultural é xa unha realidade cotiá, resulta incomprensible que o Goberno galego non conte cun marco transversal nin con indicadores de avaliación pública. Mentres outras comunidades avanzan con plans específicos e coordinación interdepartamental, a Xunta limita as súas actuacións a medidas inconexas, sen orzamento consolidado nin calendario verificable.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:20
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:20
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:42:53
Nº Rexistro: 43366
Data envio: 30/12/2025 11:42:53.506

Esta ausencia de planificación integral tradúcese nunha falta de recursos para a mediación intercultural, nunha atención desigual nos servizos públicos e nunha oportunidade perdida para facer de Galicia unha sociedade verdadeiramente inclusiva e moderna.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego aprobar unha estratexia galega de interculturalidade que coordine as políticas de inclusión, diversidade cultural e convivencia en todos os ámbitos da Administración autonómica?
2. De ser así, cal é o seu calendario e dotación orzamentaria?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:42:53
Nº Rexistro: 43366
Data envio: 30/12/2025 11:42:53.506

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:20:18**

**Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:20:26**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:42:53
Nº Rexistro: 43366
Data envio: 30/12/2025 11:42:53.506

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:42:54

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:43:29
Nº Rexistro: 43368
Data envio: 30/12/2025 11:43:29.991

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O sector da discapacidade está a atravesar unha das situacións máis inxustas en canto ao seu cometido como entidades prestadoras de servicios. A patronal e os sindicatos xa levan tempo trasladándolle á xunta de Galicia propostas de carácter urxente para estabilizar a súa financiación coa fin de seguir prestando os servizos que teñen conveniados coa Xunta de Galicia.

A aplicación das táboas salariais recollidas no XVI Convenio Estatal da discapacidade para o período 2025-27 supón un impacto económico que aboca ás entidades a subscribir liñas de crédito para facer fronte aos salarios do persoal, tendo en conta ademais, que estamos a falar de entidades sociais sen ánimo de lucro do terceiro sector. A falta de financiamento por parte da Xunta de Galicia, que non revisa os custes das entidades desde marzo de 2024 cando se asina o Concerto Social, está poñendo en xaque as máis de 5 mil prazas concertadas entre a Xunta e entidades vencelladas á discapacidade.

Isto tamén supón unha dificultade crecente para a captación de persoal cualificado, cuestión que afecta á calidade asistencial e á estabilidade dos equipos, tendo unha alta rotación do persoal e unhas condicións laborais que precisan ser dignificadas.

O incremento dos custes salariais establecidos no XVI Convenio Colectivo do sector, xunto a elevada inflación e ao incremento do Salario Mínimo Interprofesional, poñen en risco a viabilidade económica das entidades, así

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:21
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:21
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:43:29
Nº Rexistro: 43368
Data envío: 30/12/2025 11:43:29.991

como a súa calidade na prestación de servizos que chegan a miles de persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias. As previsións dos incrementos trasladados pola administración autonómica con unha subida de entre o 5% e o 7 %, segundo o tipo de centro, resultan totalmente insuficientes para cubrir os custes reais soportados polas organizacións.

A situación resulta aínda máis incomprensible cando é precisamente estas entidades do eido da discapacidade as que están “financiando”, a través de liñas de crédito, as obrigas da Xunta de Galicia, asumindo máis do 15 por cento dos custes do servicio. E, ademais, non atopan resposta desde os responsables políticos da Xunta de Galicia, despois de ter solicitado en varias ocasións,  unha reunión para que poidan expoñer a urxencia da situación económica na que se atopan; así como un acordo a futuro que outorgue estabilidade económica.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando ten pensado o presidente da Xunta de Galicia reunirse coas entidades federadas de FADEMGA Plena Inclusión Galicia para escoitar a urxencia económica na que están envoltos?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:43:29
Nº Rexistro: 43368
Data envio: 30/12/2025 11:43:29.991

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:21:04**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:21:10**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:43:29
Nº Rexistro: 43368
Data envio: 30/12/2025 11:43:29.991

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:43:30

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:44:33
Nº Rexistro: 43370
Data envío: 30/12/2025 11:44:33.207

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Vimos de coñecer que a Fiscalía General do Estado detectou 1.196 casos de acoso escolar durante o ano 2024**. Así o reflicte a Memoria de la Fiscalía 2024 presentada o pasado venres día 3 polo Fiscal General del Estado, Álvaro García Ortiz, con motivo do ano xudicial. Neste exercicio valorábase, por primeira vez, o dato estatístico de acoso escolar, o que fai que non poidamos ter unha cifra de referencia.**

Apunta o informe que os problemas de saúde mental dos menores están presentes en moitos dos supostos de acoso escolar; ou como causa ou coma infracción. E tanto a cifra de 1.196 casos de acoso escolar e 1.057 delitos contra a integridade moral, están a revelar un déficit na prevención e intervención no entorno educativo.

Un estudo PISA sinala que Galicia aparece entre as comunidades coa maior porcentaxe de alumnado que sofre  acoso "frecuente": arredor de 8,5 % de estudantes de 15-16 anos declararon que padecen acoso frecuentemente. Isto sitúa Galicia por encima da media española.

Sentirse excluído, ser motivo de burlas, recibir ameazas, que lles rouben cartos ou lles rompan as súas cousas, recibir golpes, ser obxecto de rumores ou ter que quedar na casa por medo a asistir a clase… son algunhas das actitudes que se nomean dentro do acoso. E que fai que Galicia estea dous puntos máis alta que a media estatal superando en dúas décimas a ratio xeral da OCDE.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:21
Por Aitor Bouza Manso
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:21
Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:44:33
Nº Rexistro: 43370
Data envio: 30/12/2025 11:44:33.207

A Xunta remarca que en 2024 houbo máis de 5.000 actividades en 953 centros, relacionadas con: acoso escolar, violencia de xénero, ciberseguridade, etc. e no que implicáronse a 145.000 persoas. Así coma "puntos laranxas" para denunciar anonimamente. Accións que forman parte do Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso con puntos laranxas físicos e virtuais para denunciar de forma anónima e segura. A día de hoxe, non temos aínda datos que nos falen sobre a validación das medidas acordadas e poidan indicarnos que ámbitos de mellora e que implementación deberían levarse a cabo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que cantidade de denuncias foron recibidas mediante os puntos laranxas (físicos ou virtuais) durante o primeiro ano de implantación do plan, desde setembro de 2023 a setembro de 2024?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:44:33
Nº Rexistro: 43370
Data envio: 30/12/2025 11:44:33.207

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:21:38

Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 9:21:46

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:44:33
Nº Rexistro: 43370
Data envio: 30/12/2025 11:44:33.207

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:44:33

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Fai apenas un mes, o 5 de setembro, o centro de saúde de Boimorto foi obxecto dun proxecto de mellora e reestruturación dos espazos. Renovouse a cuberta e as salas de espera e de persoal, así como na zona de pediatría. Creouse un tabique divisorio para independizar as caldeiras do inmoble sanitario e do centro de maiores. Así como unha ampliación da rampla de acceso ao edificio.

Segundo palabras dos cargos políticos da Xunta de Galicia manifestaron que esta actuación tivo coma obxectivo “mellorar a confortabilidade do centro e optimizar a prestación de atención sanitaria. Tamén indicaron que a intervención levárase a cabo a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Boimorto que como titular do inmoble asumira a redacción do proxecto, a súa licitación e a adxudicación das obras por 50.000 euros.

Apenas un mes despois de finalizar estas melloras,  no centro de saúde eliminouse un día de recollida de análise. De ter o servicio de análise os luns, mércores e venres; a Conselleria de Sanidade decidiu eliminar o venres, de xeito que as veciñas e veciños de Boimorto van a incrementar até catro días de demora calquera tipo de valoración que estea pendente dunha proba analítica. Incrementando aínda máis os tempos de diagnose e espera no sistema sanitario.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:22
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:22
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O equipo sanitario manifestou a súa contrariedade fronte a esta decisión, ao tempo que entendemos que vai directamente en contra das necesidades dos veciños. Xa que por outra banda, o servizo de matrona ten lugar o mércores e, polo tanto, calquera mostra non sería recollida ata o luns seguinte e acumulando así o retraso que xa indicamos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando ten pensado a Xunta de Galicia restituír o día de análise no centro de saúde de Boimorto deixando así os tres día cos que contaba a veciñanza?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:45:06
Nº Rexistro: 43372
Data envio: 30/12/2025 11:45:06.873

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:22:29**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:22:36**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:45:06
Nº Rexistro: 43372
Data envio: 30/12/2025 11:45:06.873

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:45:07**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:45:39
Nº Rexistro: 43374
Data envío: 30/12/2025 11:45:39.203

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2... 09:23
Por Elena Espinosa M...

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de probas diagnósticas e na media de cirurxías, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Coruña-Cee, seguen sendo as listas de espera.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:23
Por Patricia Iglesias Rey

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías de prioridade 1 aumentasen desde decembro do pasado ano a xuño de 2025. Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha consulta.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:23
Por Silvia Longueira Castro

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriales".

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía de prioridade 1 e as listas de espera de consultas da área sanitaria de Coruña-Cee?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:45:39
Nº Rexistro: 43374
Data envio: 30/12/2025 11:45:39.203

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:23:01

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 9:23:08

Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:23:15

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:45:39
Nº Rexistro: 43374
Data envio: 30/12/2025 11:45:39.203

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:45:39

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As portas da aprobación dos novos orzamentos e da situación de satisfacción que parece amosar o Partido Popular no goberno da Xunta de Galicia respecto do eido dos Servicios Sociais en Galicia, ao Partido Socialista semella estar noutra realidade diferente, toda vez que non aí un só dos eidos da Consellería de Asuntos Sociais que non sufra unha involución respecto a prestación dos servicios aos usuarios.

Tantas veces denunciados tanto en pleno como en comisión é a realidade das residencias de maiores. Á falla de prazas súmase agora o inexplicable feito do peche de dúas residencias para maiores: a vivenda comunitaria San Gabriel, situada en Xinzo de Limia, onde se detectaron graves deficiencias nos coidados, exceso de residentes e irregularidades alimentarias. A outra que pecharon fai apenas dous meses é a residencia privada Xardín de Amoeiro, con faltas graves no coidado dos maiores, irregularidades laborais e deficiencias hixiénico-alimentarias.

Son feitos inexplicables pero que por outra parte veñen a dar sustento á deriva dos Servicios Sociais da Xunta de Galicia onde nada hai planificado e iniciaron un camiño onde o único que conta é sinalar no marcador que hai que baixar as listas de espera a costa do que sexa. E nin iso; Galicia segue a ser unha das comunidades nas que máis lista hai de espera para acadar a primeira valoración da Dependencia: 349 días. Mentres, os Concellos asumen o seu

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:25
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:25
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:14
Nº Rexistro: 43376
Data envio: 30/12/2025 11:46:14.481



papel de "ente financiador" facéndose cargo de competencias impropias como é a aportación do pago do SAF

Outra das realidades nunca resoltas é as prazas das escolas infantís. Aquí atopamos os mesmos designios que nas residencias para maiores. Baixo o mantra da gratuidade das escolas infantís, a Xunta de Galicia rexeita 23 millóns de euros de fondos europeos para a construción de escolas infantís e mesmo sustenta con case catro veces máis cartos, as prazas das escolas privadas que as municipais ou da Xunta. Trátase así de eliminar o modelo público de escola infantís, derivando e "costeando" os negocios privados de escolas infantís.

Mentres tanto, tanto escolas infantís públicas de xestión indirecta como escolas infantís privadas, teñen aos seus educadores infantís con xornadas laborais expandidas, con salarios que apenas soben en algunha ocasión por riba dos 1200 euros, mentres os cargan de responsabilidades que non lles son propias. Algo moi similar ao que acontece con estes educadores nos centros de menores que, ademais de estar ateigados, cargan sobre os educadores unha responsabilidade que está por riba do seu cometido e mesmo traspasando as ratios para estes rapaces de natureza vulnerable.

No eido da discapacidade, ademais dos convenio laborais que afectan aos traballadores, xorde un problema engadido que é que o Concerto Social ten prestacións por debaixo do que marca o covenio colectivo. Como este non pode ser actualizado debido precisamente a que os fondos que transfire a Xunta de Galicia axústase ao Concerto Social, as entidades do sector da discapacidade atópanse pedindo liñas de crédito para facer fronte ao pago de salarios e demais necesidades. É dicir: a Xunta de Galicia convirte ao terceiro sector e aos concellos en financiadores das obrigas sociais.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:14
Nº Rexistro: 43376
Data envio: 30/12/2025 11:46:14.481

A situación é insostible xa que todo o sistema está colapsado, o persoal esgotado e con salarios por debaixo de convenio, os centros ateigados e as esperas en Dependencia teñen cronificado de xeito irreversible.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Dada a situación que desde o mes de agosto presentan os diferentes servicios da Consellería de Política Social, ten pensado a Conselleira formular algunha formulación que dea resposta a estes problemas estruturais?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:14
Nº Rexistro: 43376
Data envio: 30/12/2025 11:46:14.481

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:25:11**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:25:17**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:14
Nº Rexistro: 43376
Data envio: 30/12/2025 11:46:14.481

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:46:15**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:49
Nº Rexistro: 43378
Data envío: 30/12/2025 11:46:49.954

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey** e **Paloma Castro Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Non é a primeira vez que profesionais do audiovisual galego apuntan plaxios por parte de directivos da extinta CRTVG, agora CSAG, na hora de presentar proxectos de futuros programas para a televisión galega.

Ben é certo que dado o obscurantismo e a falta de transparencia coa que vense realizando a programación da galega, son moitos os profesionais que desestimaron presentar proxectos tanto á CSAG como ás produtoras que traballan para o ente televisivo.

Estes días vimos de coñecer a situación de Ibon Uzkudon, un produtor vasco que no ano 2009 presentoulle a directora  responsable do área naquel entón, Rosa Vilas, un programa xa realizado na televisión vasca baixo o título de *Jai Giro*. O programa que viña funcionando no País Vasco era un modelo moi concreto con características moi particulares e con unha factura e dinámica que falaba da súa singularidade e mesmo era presentado polo propio Ibon.

A responsable da televisión mostroulle o seu interese en realizar na galega o mesmo programa que Ibon lle presentou, do cal el era presentador e produtor. Acordou que chamarían ao produtor en breve para pechar a colaboración. A partir de aí comeza unha historia na que, pasados uns meses, a familia galega de Ibon chámao pensando que é el mesmo o que está a presentar o programa *Vaia Troula* que é un calco exacto de *Jai Giro.* Mesmo o presentador que

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:28
Por Patricia Iglesias Rey
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:28
Por Carmen Rodríguez Dacosta
Asinado o día 30/12/2025 ás 09:27
Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:49
Nº Rexistro: 43378
Data envio: 30/12/2025 11:46:49.954



poñen ao fronte está caracterizado igual que Ibón, e coa mesma impronta en pantalla.

Uzkudon presentou unha demanda por "apropiación dos dereitos de propiedade intelectual" contra a televisión pública galega que a día de hoxe está pendente de resolución pola Audiencia Provincial de A Coruña.

Ante o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o procedemento e que protocolo de protección á propiedade intelectual emprega a CSAG cando algún produtor, xestor, etc. presenta algún proxecto?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:49
Nº Rexistro: 43378
Data envio: 30/12/2025 11:46:49.954

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:27:56**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 9:28:04**

**Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 9:28:12**

**Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 9:28:20**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:46:49
Nº Rexistro: 43378
Data envio: 30/12/2025 11:46:49.954

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:46:50**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2 09:29 Por Patricia Iglesias F

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

En xuño de 2013 fusionábanse os concellos de Oza e Cesuras, promovidos polo entón goberno de Feijóo. A partir daquel momento o Concello é coñecido como Oza-Cesuras e a Xunta tiña formulado, para entón, unha serie de compromisos e accións que "mellorarían" a realidade de ambos concellos ao tempo que se proveía dunha xestión municipal máis eficaz.

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:29 Por Paloma Castro Rey

Máis de 12 anos despois a realidade é que incumpríronse a práctica totalidade dos compromisos adquiridos coa fusión de ambos municipios, quedando en promesas incumpridas que unicamente foron usadas para comprar a vontade das e dos veciños.

O documento fora elaborado entón pola Deputación da Coruña con Diego Calvo, hoxe vicepresidente da Xunta de Galicia, e serviu de documento base para a fusión, falábase de incremento de ingresos que experimentaría o novo municipio por diversos conceptos, como a participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, subvencións, incremento de outros ingresos etc. Textualmente dicía:

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:29 Por Silvia Longueira Castro

"*O novo municipio contaría cunha moi importante fonte de ingresos, hoxe en día inexistente, constituída polo establecemento a curto-medio prazo, en terreos do actual municipoo de Oza dos Ríos, dunha gran industria como é sen dúbida Begano, cuxo peso económico é difícil de cuantificar pero que, sen dúbidas, vai constituír un alicerce básico que permitirá asegurar un venturoso*

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A medicina xenómica é unha rama da medicina que se enfoca no estudo e a aplicación da información contida no xenoma humano, no diagnóstico, tratamento e prevención de enfermidades. Do mesmo xeito tamén pode contribuír á identificación de enfermidades raras e permitir a identificación dos portadores de determinadas enfermidades.

Isto implica o emprego de ferramentas moleculares e bioinformáticas para analizar a información xenética dun individuo e así obter información sobre a súa susceptibilidade a enfermidades, a eficacia de certos tratamentos e a identificación de biomarcadores que poden ser empregados para personalizar o tratamento.

De forma pioneira, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Xenoma Galicia, unha iniciativa que ten como obxectivo secuenciar o xenoma da poboación galega para estudar as bases xenéticas de diversas enfermidades e características de saúde específicas desta poboación.

Este proxecto está liderado pola Fundación Galega de Medicina Xenómica, un centro de investigación clave na nosa comunidade, dedicado a identificar os xenes responsables de enfermidades, entender os seus mecanismos, e mellorar o seu diagnóstico, prognostico e tratamento.

Esta iniciativa enmárcase dentro das iniciativas de medicina personalizada e de precisión, o que significa que os resultados da investigación poderían utilizarse para adaptar tratamentos médicos ás características xenéticas dos individuos. Ademais, o proxecto busca identificar variantes xenéticas que poidan ser relevantes para enfermidades frecuentes en Galicia, como trastornos cardiovasculares, neurodexenerativos ou certos tipos de cancro.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que avances leva realizado a Xunta no seo do Proxecto Xenoma Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 30/12/2 13:52
Por Raquel Arias Rod
Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 30/12/2025 ás 13:52
Por Noelia Pérez López
Asinado o día 30/12/2025 ás 13:52
Por María Encarnación Amigo Díaz
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43549
Data envio: 30/12/2025 14:00:06.650

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 13:52:19**
**Noelia Pérez López na data 30/12/2025 13:52:28**
**Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 13:52:38**
**Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 13:52:47**
**Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 13:52:58**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 13:53:06**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 13:53:13**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 13:53:20**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43549
Data envio: 30/12/2025 14:00:06.650

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 14:00:07**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43560
Data envío: 30/12/2025 14:02:10.083

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2 14:01 Por Paloma Castro R

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta**, **Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª.**

Durante a crise financeira de 2008, o Estado adoptou unha serie de medidas extraordinarias e restritivas en materia de emprego público, entre elas o aumento da xornada laboral ordinaria ata as 37,5 horas semanais, como mecanismo para controlar o déficit e reducir o gasto estrutural das administracións.

Asinado o día 30/12/2025 ás 14:01 Por Silvia Longueira Castro

Non entanto, as condicións económicas que xustificaban aquelas medidas xa desapareceron. España abandonou o procedemento de déficit excesivo e presenta datos macroeconómicos de recuperación. A estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas tamén foi recoñecida reiteradamente polo Ministerio de Facenda.

Neste novo contexto, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2023 eliminou as restricións legais que impedían ás administracións autonómicas e entidades públicas recuperar a xornada de 35 horas semanais, sempre e cando se respecten os criterios de estabilidade orzamentaria. O Acordo Marco para unha Administración do século XXI, asinado entre o Goberno de España e os sindicatos maioritarios (UGT e CCOO), afonda nesta liña, permitindo que a recuperación da xornada se produza mediante negociación colectiva nos ámbitos competentes.

Asinado o día 30/12/2025 ás 14:00 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Esta posibilidade xa foi exercida por numerosos gobernos autonómicos e tamén por entidades do sector público estatal.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén en Galicia existen precedentes recentes, como o acordo para o Sergas alcanzado en abril de 2023 ou o pacto no ámbito de Política Social, que recollen a redución progresiva da xornada ata as 35 horas semanais.

No caso, por aquel entonces, da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG), o Comité Intercentros solicitou formalmente, o 13 de outubro de 2023, á Dirección de Recursos Humanos a recuperación dos dereitos suspendidos pola Lei 1/2012, do 29 de febreiro, entre eles a xornada laboral de 35 horas, que está prevista como norma xeral no artigo 33.1 do convenio colectivo vixente. A citada lei, aprobada en plena crise, tiña carácter temporal, e os motivos que a xustificaban xa non existen.

Por todo o anterior, dado que non existen obstáculos legais nin orzamentarios para que se proceda á recuperación inmediata da xornada de 35 horas, previa negociación cos representantes do persoal, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Dirección da CSAG, abrir unha mesa de negociación co Comité Intercentros para recuperar a xornada laboral de 35 horas semanais para o seu persoal?

2. Considera a CSAG que seguen vixentes as condicións excepcionais que deron lugar á aplicación da Lei 1/2012? En caso afirmativo, cales son esas condicións obxectivas que o xustifican a día de hoxe?

3. Por que motivo non se respondeu á solicitude formulada polo Comité Intercentros o 13 de outubro de 2023 sobre esta cuestión?

4. Ten previsto o Goberno galego ou a CSAG incorporar esta medida ao convenio colectivo actualmente en negociación?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43560
Data envio: 30/12/2025 14:02:10.083

5. Vai seguir aplicando a CSAG unha xornada laboral de 37,5 horas semanais cando outras entidades públicas galegas e doutros territorios xa avanzaron na recuperación das 35 horas conforme ao previsto na lexislación estatal?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43560
Data envio: 30/12/2025 14:02:10.083

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 14:00:53
Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 14:01:00
Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 14:01:10
Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 14:01:17

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43560
Data envio: 30/12/2025 14:02:10.083

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 14:02:10

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43596
Data envío: 30/12/2025 14:19:00.415

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro

Asinado o día 30/12/2 14:17
Por Raquel Arias Rod

**Á Mesa do Parlamento**

**María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

No verán de 2022 a Consellería de Sanidade presentou neste Parlamento o Plan de Obesidade Zero, un plan que se centra na prevención do sobrepeso e a obesidade dende unha perspectiva de saúde pública.

Este documento que se estrutura en tres eixos estratéxicos, once obxectivos e 41 accións, estableceu como meta reducir a prevalencia de sobrepeso nun 15% nos próximos oitos anos en Galicia.

O plan propón facelo buscando que a opción saudable sexa a máis fácil de elixir, coas intervencións que amosan evidencia da súa eficacia que son, en primeiro lugar, modificar as contornas; en segundo termo, capacitar na toma de decisións e, en terceiro, fomentar a investigación e a innovación en promoción da saúde.

Dous anos despois, en marzo de 2024, a Consellería publicou no DOG a orde pola que se crea e se regula a Comisión Técnica para o seguimento e a avaliación do Plan Obesidade Zero en Galicia para potenciar o seu desenvolvemento.

Unha ferramenta que ten entre as súas funcións aprobar o plan anual de actividades do Plan Obesidade Zero e promover a intervención doutras entidades que desexen colaborar con intereses comúns en hábitos de vida saudables.

Por Nicole Grueira Fernández

Asinado o día 30/12/2025 ás 14:16
Por Noelia Pérez López

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que avances se levan feito no marco do Plan de Obesidade Zero?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

Asinado o día 30/12/2025 ás 14:16
Por María Encarnación Amigo Díaz

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43596
Data envio: 30/12/2025 14:19:00.415

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 14:16:38
Noelia Pérez López na data 30/12/2025 14:16:47
Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 14:17:00
Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 14:17:16
Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 14:17:28
Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 14:17:37
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 14:17:45
Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 14:17:50

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43596
Data envio: 30/12/2025 14:19:00.415

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 14:19:01**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 30/12/2 14:24 Por Raquel Arias Rod
Asinado o día 30/12/2025 ás 14:24 Por Noelia Pérez López
Asinado o día 30/12/2025 ás 14:23 Por María Encarnación Amigo Díaz
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43598
Data envio: 30/12/2025 14:28:11.855

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A tuberculose é unha enfermidade infecciosa crónica causada pola bacteria Mycobacterium tuberculosis. Esta bacteria ataca principalmente aos pulmóns, aínda que pode afectar a outros órganos do corpo como os riles, a columna vertebral, os ganglios linfáticos e o cerebro, entre outros. A tuberculose é unha das enfermidades infecciosas máis antigas coñecidas pola humanidade, e segue sendo unha das principais causas de morte por enfermidades infecciosas a nivel mundial.

A transmisión da tuberculose ocorre de persoa a persoa, xeralmente por vía aérea. Cando unha persoa infectada con tuberculose pulmonar tose, esbirra, fala ou mesmo canta, expulsa pequenas pingas de saliva que conteñen as bacterias no aire, polo que se unha persoa inhala estas pingas, pode contaxiarse. Aínda que non todas as persoas que se expoñen á bacteria desenvolven a enfermidade, aquelas con un sistema inmunolóxico debilitado son máis vulnerables a enfermarse.

A infección por tuberculose non sempre provoca síntomas inmediatos. En moitas persoas, o sistema inmunolóxico é capaz de controlar a bacteria, o que resulta no que se coñece como tuberculose latente. Neste estado, as bacterias están presentes no corpo, pero non se multiplican nin causan síntomas, e a persoa non é contaxiosa. Con todo, se o sistema inmunolóxico debilítase, a infección pode progresar e converterse en tuberculose activa, que si presenta síntomas e pode ser contaxiosa.

Dende 1996 a Xunta de Galicia conta cun Programa galego de prevención e control da tuberculose que se vai actualizando periodicamente co obxectivo de mellorar a resposta a esta enfermidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a actuación fronte a tuberculose en Galicia nestes últimos anos?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43598
Data envio: 30/12/2025 14:28:11.855

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 14:23:59**
**Noelia Pérez López na data 30/12/2025 14:24:08**
**Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 14:24:19**
**Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 14:24:27**
**Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 14:24:35**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 14:24:46**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 14:24:55**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 14:25:01**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 14:28:12**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43600
Data envio: 30/12/2025 15:15:20.934



Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 30/12/2 15:13
Por Raquel Arias Rod

**Á Mesa do Parlamento**

**María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Servizo Galego de Saúde puxo en marcha en maio de 2023 o Programa de mellora da adherencia terapéutica mediante preparación e entrega de sistemas personalizados e de doses de medicamentos. Este programa, recentemente actualizado, reflexaba no seu lema “Axudámosche coa túa medicación” una finalidade clara: incrementar a calidade asistencial e os resultados en saúde; mellorando a adherencia aos tratamentos e a toma idónea dos medicamentos.

Esta iniciativa vai dirixida aos pacientes que cumpran determinadas características, como ter una idade superior a 75 anos, vivir sos ou tomar máis de certa cantidade de medicación crónica, así como amosar problemas de adherencia terapéutica ou un uso incorrecto dos medicamentos.

Despois dos primeiros pasos deste programa, decidiuse actualizar o protocolo para facer este servizo máis extensivo e ampliar a poboación obxectivo que se pode beneficiar. Un exemplo desta actualización é a redución do número de medicamentos crónicos prescritos necesarios para poder ao programa.

O citado programa foi froito dunha colaboración entre o SERGAS e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, que se puxeron por diante varios obxectivos específicos, como reducir erros nas tomas de medicación, evitar problemas de manipulación ou asegurar una correcta conservación. E non só resulta de utilidade para o propio paciente, senón que dadas as características dos mesmos, tamén facilita as labores da familia ou coidadores.

Trátase dun programa que require a coordinación entre profesionais sanitarios, oficinas de farmacia e, por suposto, os citados coidadores dos pacientes. É importante ter o seu funcionamento en conta para seguir garantindo e avanzando na continuidade do programa.

Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 30/12/2025 ás 15:13
Por Noelia Pérez López
Asinado o día 30/12/2025 ás 15:13
Por María Encarnación Amigo Díaz
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43600
Data envio: 30/12/2025 15:15:20.934

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formula a seguinte pregunta:

1. Como avalía a Xunta de Galicia os resultados do Programa de mellora da adherencia terapéutica mediante preparación e entrega de sistemas personalizados e de doses de medicamentos?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 15:13:11**
**Noelia Pérez López na data 30/12/2025 15:13:18**
**Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 15:13:31**
**Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 15:13:41**
**Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 15:13:52**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 15:13:59**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 15:14:08**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 15:14:15**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43600
Data envio: 30/12/2025 15:15:20.934

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 15:15:21

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43602
Data envío: 30/12/2025 15:24:38.298

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 30/12/2 15:22
Por Raquel Arias Rod

**Á Mesa do Parlamento**

**María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

É responsabilidade da Xunta de Galicia garantir, dentro do seu ámbito territorial, unha atención farmacéutica continuada, integral, en condicións de equidade e coa calidade adecuada para permitir facer efectivo o dereito da cidadanía á protección da saúde previsto na Constitución española.

A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, regula a atención farmacéutica, entendida como un servizo de interese público que comprende un conxunto de actuacións que deben prestarse en todos os niveis de noso sistema sanitario, dirixidas a garantir á cidadanía o acceso rápido, eficaz, oportuno, equitativo e racional aos medicamentos e produtos sanitarios que precise.

Os criterios de planificación farmacéutica concrétanse nun mapa farmacéutico, que é aprobado polo Consello da Xunta e que pode ser revisado por cambios nas necesidades de atención farmacéutica nunha ou varias zonas.

O acceso da poboación rural ós medicamentos é necesario para garantir un nivel de atención sanitaria similar á dos núcleos urbanos, sendo este un dos puntos clave para o mantemento da poboación no medio rural.

As características xeográficas e a dispersión poboacional propias de Galicia, así como a evolución das características sociodemográficas dos últimos anos, poden orixinar situacións de especial vulnerabilidade en certas zonas farmacéuticas, nas que a viabilidade económica das oficinas de farmacia e/ou boticas anexas estase a ver ameazada polo envellecemento da poboación á que atenden e a súa progresiva diminución.

Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 30/12/2025 ás 15:22
Por Noelia Pérez López
Asinado o día 30/12/2025 ás 15:21
Por María Encarnación Amigo Díaz
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43602
Data envio: 30/12/2025 15:24:38.298

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que medidas ten previstas o Goberno Galego para que toda a cidadanía galega teña unha atención farmacéutica próxima, garantindo o equilibrio territorial na prestación de servizos sanitarios?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43602
Data envio: 30/12/2025 15:24:38.298

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 15:21:58**
**Noelia Pérez López na data 30/12/2025 15:22:05**
**Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 15:22:15**
**Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 15:22:26**
**Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 15:22:35**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 15:22:44**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 15:22:53**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 15:23:04**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 15:24:39**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43604
Data envio: 30/12/2025 15:38:15.923



Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 30/12/2 15:36 Por Raquel Arias Rod
Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 30/12/2025 ás 15:35 Por Noelia Pérez López
Asinado o día 30/12/2025 ás 15:35 Por María Encarnación Amigo Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Xunta de Galicia iniciou en 2023 un proceso de transformación dixital nos departamentos de anatomía patolóxica co obxecto de substituír o actual proceso de diagnóstico realizado a través do emprego dos microscopios tradicionais, por un diagnóstico baseado na visualización da mostra nun soporte dixital. O volume diario de mostras a dixitalizar supera as 5.000 e o volume anual situase por enriba dos 1,1 millóns.

O modelo de transformación proposto permitirá un diagnóstico en rede e un diagnóstico máis intelixente, xa que este novo modelo de traballo leva implícito a posibilidade de empregar algoritmos de intelixencia artificial como axuda ó traballo dos profesionais e a posibilidade de diagnosticar en calquera lugar e por calquera profesional sen a necesidade da presenza física do cristal da mostra.

Para lograr este obxectivo realizáronse un conxunto de inversións tecnolóxicas entre as que se encontraba a adquisición dun importante número de escáneres encargados de dixitalizar o cristal, a adquisición do almacenamento dixital ou a adquisición de estacións diagnósticas para a visualización da imaxe.

A aplicación da dixitalización nas áreas de anatomía patolóxica aportará importantes melloras nos cidadán galegos xa que:

• Facilitará o diagnostico en rede.

• Permitirá a redistribución de cargas de traballo nos servizos e a posibilidade de traballar por especialidade.

• Dotará de maior obxectividade e precisión na cuantificación por parte do patólogo.

• Habilitará a activación de sistemas de apoio o diagnóstico baseados en IA.

• Consolidará bancos de imaxes para a docencia e a investigación.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

• Optimizará o almacenamento do cristal

• Axilizará os procesos de segunda opinión permitindo o acceso a experto clínico con independencia da súa localización.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o calendario de execución previsto nas 7 áreas de saúde que permita un diagnóstico 100% dixital?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43604
Data envio: 30/12/2025 15:38:15.923

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 15:35:37**

**Noelia Pérez López na data 30/12/2025 15:35:46**

**Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 15:36:21**

**Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 15:36:29**

**Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 15:36:40**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 15:36:46**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 15:37:06**

**Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 15:37:21**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43604
Data envio: 30/12/2025 15:38:15.923

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 15:38:16

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43605
Data envío: 30/12/2025 16:23:11.359

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2 16:09 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

Tras o Consello da Xunta de Galicia de data 11 de novembro o Presidente Rueda anunciaba unha medida segundo as súas verbas “pioneira “ no Estado que consiste en “afinar as listas de emprego”, dando luz verde a un procedemento sancionador que se seguirá “contra” os usuarios inscritos como parados no SPEG.

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:08 Por Elena Espinosa Mangana

Sinalaba en rolda de prensa que durante o mes de outubro contactarase con todos os inscritos para que asinen o acordo de actividade.

Desde o Grupo Parlamentario afirmamos que a pretensión do Goberno galego en adelgazar as listas de desemprego non é nova, sendo presidente Feijóo, xa o Grupo Socialista destapaba situacións similares.

Esta iniciativa que anuncia agora o presidente comezaba xa antes da aprobación da medida, en xuño de 2023, co resultado da baixa de 10.400 desempregados de longa duración das listas.

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:08 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Certo é que o Goberno galego actúa contra os parados e paradas galegos, obvia as obrigacións da Consellería de Emprego en relación cos desempregados e desempregadas, empezando como se di de forma coloquial a casa polo tellado porque non se pode realizar o compromiso de actividade que indican sen antes actualizar todos os currículos dos demandantes de emprego e conforme a este realizar un itinerario personalizado de inserción

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43605
Data envio: 30/12/2025 16:23:11.359

laboral polo orientador laboral. Sobre esta cuestión as socialistas insistimos unha e outra vez tanto na pasada lexislatura como na actual.

Unha vez que se realice o Itinerario a Xunta de Galicia ten a obriga de derivar o desempregado aos cursos adecuados o seu perfil e que se adecúen ás necesidades do mercado laboral. Estas obrigas non se cumpren polo Goberno galego.

En conclusión, no lle importa a Xunta de Galicia dar os instrumentos establecidos na Lei de emprego, nin da actual, nin da anterior, o que lle ocupa e lle preocupou sempre é manipular e adelgazar as listas de emprego, para dar unha visión do mercado laboral galego ficticio.

Ante esta situación, as deputadas que asinan queren coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. A medida pioneira do Goberno galego en relación co emprego é simplemente adelgazar as listas de desemprego?

2. Vai a Xunta de Galicia realizar un chamamento a todos os parados e paradas para actualizar os seus currículos?

3. Pensa o Goberno galego cumprir a Lei de emprego dotando os parados e paradas de itinerarios personalizados de emprego?

4. Pensa o Goberno galego unha vez realizados os itinerarios personalizados de emprego a cada demandante ofertar os cursos de formación fixados no propio itinerario?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5. Como vai a Consellería a desenvolver a tarefa anterior, con que medios por oficina de emprego?

6. Como pensa o Goberno galego planificar o deseño dunha formación adecuada ás necesidades do mercado laboral, con que instrumentos?

7. Con anterioridade a dar de baixa das listaxes de desemprego os 10.400 desempregados de longa duración chamáronse para actualizar o seu currículo? Realizou o SPEG o preceptivo itinerario personalizado e ofertáronselle os instrumentos establecidos nel?

8. De non ser así, como se realizou o procedemento para dalos de baixa?

9. Foron chamados para asistir presencialmente ás oficinas do SPEG?

10. A cantos parados de longa duración se lles ofertou formación en competencias chave, con distribución por oficinas de emprego?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid

@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43605
Data envio: 30/12/2025 16:23:11.359

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 16:08:52**
**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 16:08:59**
**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 16:09:06**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43605
Data envio: 30/12/2025 16:23:11.359

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 16:23:13**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43607
Data envío: 30/12/2025 16:24:06.467

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:09 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Segundo a Asociación de Traballadores Autónomos de Galicia (ATA GALICIA), o réxime especial de traballadores autónomos incrementouse no Estado en
42.396 novos afiliados durante o 2024, o que supón un incremento do 1,3 % respecto o período anterior.

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:09 Por Elena Espinosa Mangana

Pese a estes datos favorables, Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior perda de traballadores e traballadoras por conta propia, con 788 afiliados menos, soamente superada por Castela e-León, afectando de forma negativa á agricultura, comercio e industria.

Se analizamos os datos por provincias, A Coruña e Pontevedra incrementan en un 0.1% os seus afiliados ao RETA en 2024, freando así a media anual autonómica que se ve arrastrada pola caída dun 2 % nos autónomos en Lugo e de un 1,4 % dos autónomos en Ourense.

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:09 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Se analizamos a perda por xénero, os homes afiliados por conta propia descenden en 453, mentres que no caso das mulleres a caída é de 335 no mesmo período.

A agricultura sofre unha perda de un 4,6 %; a industria cun -2,2 % de afiliación e o comercio cun -2,1 %.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

981.55.15.30

@PSdeG

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pechan o ano tamén con perdas a hostalaría cun -0,7 %, a construción cun –0,3 % e o transporte cun -0,6 %.

Por ilo, entendemos os e as socialistas galegas que o Goberno galego debe executar o orzamento dedicado a este colectivo así como consolidar o crecemento en sectores innovadores, atendendo á transición dixital, enerxética e climática e frear a perda nos tradicionais máis afectados.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galicia sobre os datos de 2024 que reflexan que Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior perda de traballadores e traballadoras por conta propia?
2. Ante esta realidade, entende a Xunta de Galicia que as políticas activas dirixidas aos autónomos en Galicia deben ser reformuladas?
3. Cales son as causas que provocan a diminución do número de afiliados ao RETA en Galicia?
4. Que medidas vai adoptar o Goberno Galego ante esta situación?
5. Cales son as causas da perda de afiliados ao RETA na provincia de Lugo e Ourense?
6. Tomaranse medidas concretas dirixidas a estas provincias en particular?
7. De ser positiva a anterior resposta, que medidas concretas e que orzamento se dedicarán as mesmas?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43607
Data envio: 30/12/2025 16:24:06.467

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43607
Data envio: 30/12/2025 16:24:06.467

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 16:09:39**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 16:09:46**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 16:09:53**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43607
Data envio: 30/12/2025 16:24:06.467

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 16:24:07

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43609
Data envio: 30/12/2025 16:24:54.123



Asinado o día 30/12/2 16:10 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª.**

O déficit de pediatras en diversos centros de saúde da provincia de Ourense é un tema recorrente, que derivou en recollidas de firmas, mobilizacións e protestas dos pais e nais afectados por esta situación que lles provoca un grave prexuízo e que este grupo parlamentario leva denunciando de forma recorrente.

En relación co centro de saúde de Coles que atende a máis de 500 menores dos cales 227 pertencen o municipio de Coles, 140 do concello de Vilamarín, 187 de Amoeiro e tamén os nenos e nenas do concello da Peroxa.

No mesmo, actualmente o servizo de pediatría está formado por só unha pediatra que atende martes e xoves de 09:00 a 12:50 horas. Horario totalmente insuficiente para unha atención de calidade.

Os e as socialistas o pasado verán reclamábamos un servizo de pediatría digno e eficiente para este centro de saúde sen que a Xunta de Galicia tomara medidas ao respecto.

O Goberno galego lonxe de arranxar a situación descrita sigue precarizando un servizo esencial para estes catro municipios e que en verán, de feito, non se prestaba.

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:10 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 30/12/2025 ás 16:10 Por Carmen Rodríguez Dacosta
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A situación vólvese repetir e vémonos na obriga de denunciar que en próximas datas debido ao período vacacional da facultativa a atención pediátrica só se vai a desenvolver un día a semana, cando o Sergas é coñecedor da situación na que nos atopamos, con épocas de gripe e outros virus que agrava a situación xa de por si complexa para os nenos e nenas destes municipios.

Sen dúbida, o persoal sanitario do centro está a facer todo o que pode para suplir as carencias expostas, sen que perciban por parte da Administración vontade de arranxar esta situación.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas solución, á espera das nais e pais, para que os fillos e fillas sexan valorados por un profesional da sanidade pública, así como unha calidade asistencial adecuada.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno galego a situación de precariedade asistencial sufrida no centro de saúde de Coles da provincia de Ourense en relación ao servizo pediátrico?

2. O Goberno galego considera suficiente unha atención pediátrica para os municipios de Amoeiro, Vilamarín, A Peroxa e Coles de dous días semanais de 09:00 a 12:50 horas?

3. Porque non se leva a cabo a atención pediátrica completa no centro se saúde en períodos de ausencia da titular pediátrica?

4. Ten previsto de forma urxente arranxar esta situación?

5. Vaise ampliar o tempo de atención dos nenos e nenas?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. De ser positiva a anterior resposta, cando se producirá o aumento de horas de atención?

7. Vai o Goberno galego a tomar as medidas precisas para que non se repita a situación acontecida o pasado verán?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43609
Data envío: 30/12/2025 16:24:54.123

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 16:10:33**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 16:10:40**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 16:10:46**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 16:24:54**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª.**

O art. 21 da Lei 7/2012 de montes de Galicia establece que poderán ser declarados como montes protectores de Galicia aqueles montes ou terreos forestais privados que cumpran algunha das condicións que para os montes públicos establece o artigo 27 desta lei.

Declaración de montes de utilidade pública modificado pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 01.01.2023, debido a que ata esa data desde a aprobación da lei 7/2012, considerábase tamén montes públicos de natureza patrimonial.

Xa na pasada lexislatura este grupo parlamentario solicitou esta modificación na Comisión de Agricultura celebrada o 03.06.2022 a través dunha proposición non de lei nesta comisión, que foi rexeitada polos votos do PP, pero como moitas veces máis, o tempo deunos a razón.

A iso estamos afeitos como sucede coa moratoria do eucalipto proposta en Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, na súa disposición transitoria novena, que emenda o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040,

Tanto o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica como as leis de montes estatal e galega recollen varias condicións que poden

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:11
Por Lara Méndez López

Asinado o día 30/12/2025 ás 16:11
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xustificar a inventariación e o rexistro (de oficio ou voluntario) dun monte como protector e entre elas están:

.-Os situados nas cabeceiras das concas hidrográficas e aqueles outros que contribúan decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando e reducindo riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos e infraestruturas.

- Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rocas e o aterramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestruturas contra o vento.

- Os que estean situados en áreas forestais declaradas de protección dentro dun plan de ordenación de recursos naturais ou un plan de ordenación de recursos forestais.

2. Cal foi o orzamento executado pola Xunta de Galicia para a prevención de incendios forestais dende maio de 2022 ata a actualidade, especificado por anualidades?

3. Que cantidade quedaron sen utilizar?

4. Cales foron as actuacións concretas de prevención realizadas en cada concello e parroquia de Galicia, especificando o tipo de intervención (rozas, cortalumes, mellora de pistas forestais, repoboacións, silvicultura preventiva, ..?

5. Que actuacións se realizaron nos montes conveniados pola Xunta de Galicia, con especificación de obra, orzamento e monte concreto?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. Cantas comunidades de montes veciñais en man común e cantas mancomunidades foron beneficiarias destas actuacións dende 2022 ata a actualidade, que obras realizaron e con que orzamento específico?

7. Que causas explican as demoras acumuladas na adxudicación de obras e na resolución de subvencións en materia de prevención, que a mediados de agosto aínda permanecen pendentes en boa parte?

8. Ten previsto o Goberno galego habilitar liñas extraordinarias de apoio a aqueles concellos e comunidades de montes que se viron prexudicados pola falla de execución dos orzamentos preventivos?

Parlamento de Galicia, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43645
Data envio: 30/12/2025 17:51:33.291

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:32:01**

**Lara Méndez López na data 30/12/2025 17:32:08**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43645
Data envio: 30/12/2025 17:51:33.291

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:51:34

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43647
Data envio: 30/12/2025 17:52:27.662



## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª.**

Este verán os incendios asolaron Galicia.  Trala vaga de lumes, o presidente da Xunta de Galicia convocou unha reunión cos alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados. Porén, o encontro quedou reducido a unha exposición unilateral por parte do Goberno galego, sen dar espazo a un diálogo político real, e coa sorprendente afirmación do presidente de que “non era unha reunión para falar de política”.

O Grupo Parlamentario Socialista considera esta postura profundamente equivocada. Os incendios forestais non son un accidente illado nin unha cuestión meramente técnica: son un problema estrutural que require decisións políticas de planificación, prevención, coordinación interinstitucional e apoio integral ás zonas afectadas. Negar o debate político equivale a renunciar a afrontar as causas de fondo dos lumes: o abandono do rural, a ausencia dun plan serio de prevención, a falta de recursos suficientes e a inexistencia dunha estratexia clara para a recuperación do territorio queimado.

As axudas anunciadas polo Goberno galego, aínda que necesarias, son consideradas insuficientes, carecen de concreción en prazos e procedementos e preséntanse sen un plan integral que permita reconstruír o territorio de maneira ordenada e sostible. Ademais, as cantidades destinadas aos concellos (entre 20.000 e 40.000 euros) resultan claramente insuficientes para cubrir os danos ocasionados en infraestruturas públicas, camiños, áreas recreativas e edificacións municipais, e o feito de seren de concorrencia competitiva introduce incerteza e desigualdade entre concellos igualmente afectados.

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:32
Por Lara Méndez López

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:32
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo isto, é necesario abrir un proceso real de diálogo coas entidades locais, articulado a través de mesas de traballo e decisións consensuadas, e garantir un proxecto estratéxico de recuperación que vaia máis alá dos parches e das comparecencias futuras.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego que se pode facer fronte á xestión dos incendios forestais e á recuperación das zonas afectadas sen decisións políticas claras nin un diálogo real cos concellos que son quen sofren en primeira liña as consecuencias desta traxedia?

2. Vai a Xunta de Galicia abrir mesas de traballo permanentes cos concellos e deputacións para planificar conxuntamente a prevención, extinción e recuperación trala vaga de lumes?

3. Que medidas concretas pensa adoptar o Goberno galego para afrontar as causas estruturais dos incendios, como o abandono do rural?

4. Ten previsto o Goberno galego establecer un plan estratéxico de recuperación ambiental, social e económica das zonas afectadas polos incendios?

Parlamento de Galicia, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43647
Data envio: 30/12/2025 17:52:27.662

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:32:51**

**Lara Méndez López na data 30/12/2025 17:32:59**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43647
Data envio: 30/12/2025 17:52:27.662

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:52:28

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43649
Data envio: 30/12/2025 17:53:41.770

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª.**

Na fin de semana do 19 ao 21 de setembro de 2025, un grande incendio forestal arrasou miles de hectáreas na Ribeira Sacra, afectando principalmente aos concellos de Pantón e Sober (provincia de Lugo), e chegando tamén a afectar o territorio de Nogueira de Ramuín (provincia de Ourense).

As cifras manexadas por diferentes medios de comunicación apuntan a unha superficie que podería superar as 3.000 hectáreas queimadas, nun espazo de altísimo valor ambiental, cultural e económico. O lume propagouse a gran velocidade polos Canóns do Sil, ameazando directamente núcleos habitados e bens patrimoniais de primeira orde.

En Pantón, a situación foi especialmente grave na noite do 19 ao 20 de setembro, cando varias aldeas tiveron que ser evacuadas: Cibrisqueiros, Frontón, Budián, Souto e Abelairas. En Budián, varias vivendas arderon por completo, algunhas delas en perfecto estado de conservación. A veciñanza loitou ata o último momento para defender as súas casas e alpendres, nunha noite que describiron como un "pesadelo".

En Sober, os núcleos de Barrios de Rosende e A Barca tamén tiveron que ser desaloxados, rexistrándose danos en explotacións agrarias e viñas, así como perdas materiais que afectaron directamente a familias que dependen economicamente do viño da Ribeira Sacra. Xa na mañá do sábado 20, a zona de Santiago de Cangas sufriu un forte impacto das lapas.

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:33
Por Lara Méndez López

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:33
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43649
Data envio: 30/12/2025 17:53:41.770

O incendio cruzou a beira do Sil e afectou ao concello de Nogueira de Ramuín (Ourense), xerando unha alarma especial pola súa proximidade ao Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, hoxe Parador Nacional, un dos principais monumentos da Ribeira Sacra. O fume era visible dende o propio mosteiro, e diversos medios sinalaron que as lapas estiveron moi preto deste enclave singular. Ademais, parroquias como Nogueira, Rosende e A Barca foron mencionadas entre as afectadas polo avance do lume.

Afortunadamente, non houbo vítimas humanas que lamentar, mais as perdas materiais e patrimoniais son moi elevadas, e a recuperación das zonas afectadas será longa e custosa.

Todo isto pon de manifesto unha vez máis as grandes carencias da política de prevención de incendios da Xunta de Galicia. A Ribeira Sacra, espazo candidato a ser recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade, non pode seguir carecendo dun plan específico de prevención, ordenación e protección fronte a lumes de gran magnitude. A ausencia dun modelo eficaz de prevención, sumada á falta de medios materiais e de planificación do territorio, deixa á veciñanza e ao patrimonio cultural e natural nunha situación de vulnerabilidade inaceptable.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta elaborar un plan específico de prevención e ordenación forestal para a Ribeira Sacra, que inclúa medidas para protexer tanto os núcleos de poboación como os bens patrimoniais, como o Mosteiro de Santo Estevo en Nogueira de Ramuín?

2. Cantas vivendas e instalacións agrícolas resultaron danadas ou destruídas en Pantón e Sober, e que apoio se lles está a ofrecer ás familias afectadas?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43649
Data envio: 30/12/2025 17:53:41.770

3. Que dotación de medios materiais e humanos se mobilizou durante a emerxencia, e considera o Goberno galego que foi suficiente para evitar maiores danos?

4. Que medidas ten previsto impulsar a Xunta para protexer as zonas vitivinícolas de Sober e outras áreas produtivas da Ribeira Sacra fronte ás consecuencias dos incendios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43649
Data envio: 30/12/2025 17:53:41.770

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:33:32**

**Lara Méndez López na data 30/12/2025 17:33:43**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43649
Data envio: 30/12/2025 17:53:41.770

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:53:42

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43651
Data envio: 30/12/2025 17:54:42.382

Asinado o día 30/12/2 17:34 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª.**

Ourense é, segundo todos os indicadores demográficos, a provincia galega máis envellecida e a segunda de toda España. Este dato, que se mantén e mesmo se agrava ano tras ano, debería traducirse en políticas públicas específicas e en medidas de discriminación positiva, especialmente nos ámbitos sociosanitarios directamente vinculados co envellecemento e coa cronicidade.

O ictus constitúe unha das principais ameazas sanitarias para a poboación de maior idade. É a segunda causa de morte a nivel mundial, a primeira causa de discapacidade adquirida en adultos e a segunda de demencia. As estimacións internacionais prevén un incremento da súa incidencia en máis dun 40 % nos próximos 20 anos, debido fundamentalmente ao avellentamento poboacional e ao aumento de factores de risco asociados.

Porén, Ourense continúa a ser a única provincia galega que non dispón dunha Unidade de Ictus operativa as 24 horas do día, os 365 días do ano, o que obriga a derivar a pacientes con ictus grave cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para a realización de trombectomías mecánicas ou outros procedementos de neurorradioloxía intervencionista. Esta situación supón unha perda de tempo asistencial crítico, pois as primeiras horas tras o ictus son determinantes para a supervivencia e para as posibilidades de recuperación funcional.

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:34 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 30/12/2025 ás 17:34 Por Carmen Rodríguez Dacosta
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os profesionais sanitarios levan tempo alertando desta carencia.

A Xunta de Galicia anunciou en 2023 a súa intención de crear unidades de ictus nas provincias de Lugo e Ourense, mais ata o momento non se concretou a posta en marcha efectiva da unidade ourensá, nin existe calendario claro, nin se coñecen con detalle os recursos humanos, materiais ou orzamentarios asignados. A demora nesta actuación resulta inxustificable, máis aínda tendo en conta a vulnerabilidade demográfica e sanitaria da provincia.

A creación dunha unidade de Ictus no CHUO non é unha cuestión de luxo nin de oportunidade política, senón unha obriga sanitaria, que responde aos principios de equidade, igualdade territorial e atención sanitaria en condicións de igualdade para toda a cidadanía galega.

Por todo o exposto, considérase necesario instar á Xunta de Galicia a adoptar con urxencia as medidas necesarias para poñer en funcionamento unha unidade de ictus permanente e completa en Ourense, que dispoña dos recursos humanos, técnicos e orzamentarios precisos para garantir unha atención integral, coordinada e de calidade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus na provincia de Ourense?

2. En que fase se atopa a tramitación do proxecto e cal é o investimento previsto nos orzamentos autonómicos?

3. Está prevista a dotación de persoal especializado en neuroloxía, neurorradioloxía intervencionista e enfermaría, suficiente para garantir o funcionamento as 24 horas do día?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Vai contar o CHUO cos medios técnicos necesarios (sala de hemodinámica, TAC e resonancia de urxencia, monitorización intensiva) para realizar trombectomías mecánicas sen derivación a outras provincias?

5. Prevese a coordinación co servizo de emerxencias 061 e coa atención primaria para asegurar a detección precoz e o traslado rápido dos pacientes con sospeita de ictus?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43651
Data envio: 30/12/2025 17:54:42.382

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:34:14**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 17:34:20**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 17:34:28**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43651
Data envio: 30/12/2025 17:54:42.382

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:54:43**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43653
Data envio: 30/12/2025 17:55:32.609

Asinado o día 30/12/2
17:35
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A sinistralidade laboral continúa a ser unha das principais eivas do mercado de traballo en Galicia e unha das expresións máis graves da precariedade laboral. Lonxe de mellorar, os datos dos últimos anos confirman que estamos ante un problema estrutural que require unha resposta política e institucional moito máis decidida.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), no ano 2024 rexistráronse 30.359 accidentes laborais, dos cales 469 foron graves e 64 mortais, o que supón un incremento do 14,3 % respecto do ano anterior. Durante o primeiro semestre de 2025, 32 persoas traballadoras perderon a vida no desempeño da súa actividade laboral. Galicia sitúase así como a segunda comunidade autónoma con maior taxa de incidencia en accidentes mortais, só por detrás da Rioxa e moi por enriba da media estatal.

Os sectores máis afectados seguen a ser o sector servizos, a construción, a industria**,** a pesca e a agricultura, todos eles cunha alta exposición a riscos físicos e organizativos. As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis da metade dos accidentes mortais rexistrados.

Estes datos amosan que a Lei de prevención de riscos laborais non se está a aplicar de maneira efectiva e que a política de prevención da Xunta de Galicia carece da ambición e dos medios necesarios. A seguridade e a saúde laboral non poden seguir tratándose como un asunto secundario nin reducirse a

Asinado o día 30/12/2025 ás
17:35
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás
17:35
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43653
Data envío: 30/12/2025 17:55:32.609

campañas de concienciación; cómpre máis recursos, máis inspección e máis compromiso político.

Cómpre tamén poñer o foco en tres ámbitos especialmente preocupantes:

1. O aumento das enfermidades profesionais, moitas veces infradeclaradas, e que requiren un estudo epidemiolóxico serio para coñecer a súa verdadeira dimensión en Galicia.

2. Os riscos psicosociais e a saúde mental laboral, un campo aínda desatendido. Máis da metade das mortes en xornada laboral en Galicia están vinculadas a infartos ou patoloxías non traumáticas, frecuentemente relacionadas con estrés, sobrecarga de traballo e condicións organizativas deficientes.

3. A isto engádese un novo desafío: as condicións climáticas extremas derivadas da emerxencia climática, que afectan especialmente a traballadores e traballadoras de sectores como a construción, o transporte, a agricultura, a recollida de residuos e os servizos ao aire libre.

Galicia precisa protocolos específicos de prevención fronte á calor, ás treboadas, ao vento ou ao frío extremo, con medidas de adaptación horaria, dereito a interromper a actividade cando se superen certos límites térmicos, e formación específica para identificar síntomas de risco.

Por outra banda, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) debe contar cos recursos humanos e materiais necesarios para exercer as súas competencias con eficacia, ampliando a súa capacidade inspectora, mellorando a coordinación coa Inspección de Traballo e desenvolvendo programas propios de formación, asesoramento e control en sectores de alto risco.

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A sinistralidade laboral non é unha fatalidade: é consecuencia directa de políticas insuficientes, dunha cultura preventiva feble e dun sistema produtivo que, con frecuencia, prioriza o beneficio económico sobre a seguridade das persoas. O compromiso coa vida e coa saúde no traballo debe traducirse en medidas concretas, dotadas de orzamento e avaliables.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego da evolución da sinistralidade laboral en Galicia nos anos 2024 e 2025?

2. Cales foron as medidas concretas postas en marcha pola Xunta para reducir os accidentes mortais e graves?

3. Ten previsto o Goberno elaborar un plan de choque galego contra a sinistralidade laboral**,** con obxectivos medibles e participación dos axentes sociais?

4. Considera a Xunta de Galicia suficientes os recursos humanos e materiais do ISSGA para desenvolver de forma efectiva as súas funcións de prevención e control?

5. Ten previsto o Goberno galego aprobar protocolos específicos fronte a condicións climáticas extremas que poñan en risco a saúde laboral?

6. Vai incluír a Xunta de Galicia a prevención dos riscos psicosociais e a saúde mental laboral como prioridade na planificación e avaliación de riscos das empresas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43653
Data envio: 30/12/2025 17:55:32.609

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:35:33**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 17:35:41**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 17:35:52**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43653
Data envío: 30/12/2025 17:55:32.609

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:55:33**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43655
Data envío: 30/12/2025 17:56:56.046

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2
17:37
Por Silvia Longueira C

Asinado o día 30/12/2025 ás
17:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás
17:36
Por Carmen Rodríguez Dacosta

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta**, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa  a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª.**

A sinistralidade laboral en Galicia segue a ser unha das máis elevadas do Estado, e constitúe un problema estrutural que require unha resposta urxente e decidida por parte da Administración autonómica.

Segundo os datos oficiais do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), no ano 2024 rexistráronse 30.359 accidentes laborais, dos cales 469 foron graves e 64 mortais**,** o que supón un incremento do 14,3 % respecto ao ano anterior. No primeiro semestre de 2025, 32 traballadores e traballadoras perderon a vida no desempeño do seu labor, situando a Galicia como a segunda comunidade con maior índice de incidencia de accidentes mortais, só por detrás da Rioxa e moi por enriba da media estatal.

Os sectores máis afectados seguen a ser o servizos, a construción, a pesca e a agricultura**,** e as provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis da metade das vítimas mortais. Estes datos amosan que a prevención non está a funcionar e que o marco normativo e institucional existente resulta insuficiente se non vai acompañado dun compromiso político real, recursos suficientes e inspeccións efectivas.

Resulta igualmente preocupante o aumento das enfermidades profesionais e dos riscos psicosociais. Máis da metade das mortes producidas en xornada laboral están relacionadas con infartos ou patoloxías non traumáticas,

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43655
Data envio: 30/12/2025 17:56:56.046

derivadas de situacións de estrés, sobrecarga e deterioro da saúde mental no traballo.
A isto engádese o impacto crecente das condicións climáticas extremas sobre a seguridade laboral, especialmente nos sectores da construción, agricultura, recollida de residuos, transporte e servizos ao aire libre, onde a exposición a altas temperaturas supón un risco grave para a saúde.

Neste contexto, resulta imprescindible que Galicia conte con medidas específicas e avaliables, que inclúan o reforzo do Issga, o fortalecemento da formación preventiva e a incorporación de protocolos específicos fronte á emerxencia climática.

Un caso especialmente grave é o do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (SPDCIF), que traballa en condicións extremas de calor, fume e risco físico continuado. A denuncia formulada no verán de 2024 por parte dos propios brigadistas puxo de manifesto unha situación inaceptable: a carencia de equipamento axeitado para portar o rescatador de último minuto, un dispositivo que pode marcar a diferenza entre a vida e a morte en caso de atrapamento durante un incendio forestal.

As brigadas de terra seguen a empregar cintos e materiais obsoletos —idénticos aos do antigo ICONA dos anos 90— que non permiten transportar con seguridade o rescatador, mentres que as brigadas helitransportadas si dispoñen de mochilas ergonómicas adaptadas. Esta desigualdade é un agravio intolerable que pon en risco a vida dos traballadores e vulnera o principio de igualdade nas condicións de seguridade laboral.

Así mesmo, cómpre poñer en marcha un programa específico de seguimento sanitario para o persoal do SPDCIF, que estableza revisións médicas periódicas adaptadas ao seu perfil de risco, estudos epidemiolóxicos sobre a

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43655
Data envío: 30/12/2025 17:56:56.046

exposición ao lume e ao fume, e apoio psicolóxico continuado. As consecuencias físicas e emocionais da súa actividade —lesións musculares, afectacións respiratorias, cardiovasculares e estrés postraumático— requiren unha resposta sanitaria integral e coordinada entre o Issga e o Sergas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai poñer en marcha a Xunta un programa específico de seguimento sanitario e apoio psicolóxico para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, coordinado entre o Sergas e o Issga?

2. Vai a Xunta de Galicia incorporar protocolos de prevención fronte a episodios de calor extremo e outros fenómenos climáticos que poñan en risco a saúde laboral?

3. Ten previsto o Goberno galego dotar de inmediato ás brigadas de terra do SPDCIF co equipamento ergonómico necesario para transportar o rescatador de último minuto en condicións de seguridade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43655
Data envio: 30/12/2025 17:56:56.046

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:36:43**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 17:37:07**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 17:37:14**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43655
Data envio: 30/12/2025 17:56:56.046

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:56:56

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43657
Data envío: 30/12/2025 17:58:04.183

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2 17:38 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A principios de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, recoñecemos certas melloras nos días de espera en cirurxía, pero increméntase o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E este incremento é considerable, case un 19 %.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Conséguese rebaixar o tempo medio de espera para una consulta, pero aumentan considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Neste caso supera o 14 % de incremento. Ademais o tempo medio de espera na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco para unha consulta, supera a media galega.

Sen esquecernos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera y por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco.

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:38 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 30/12/2025 ás 17:38 Por Carmen Rodríguez Dacosta
CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43657
Data envio: 30/12/2025 17:58:04.183



O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, en especial nas consultas e nas cirurxías?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43657
Data envio: 30/12/2025 17:58:04.183

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:38:06

Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 17:38:12

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 17:38:20

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43657
Data envio: 30/12/2025 17:58:04.183

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:58:04**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43659
Data envio: 30/12/2025 17:58:55.630

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2 17:39 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Nas últimas dúas semanas vivimos na provincia de  Ourense dúas noticias alarmantes, unha  vivenda comunitaria de maiores, San Gabriel en Xinzo de Limia e unha residencia de maiores  O Xardín en Amoeiro**,** foron clausuradas pola Xunta de Galicia tras detectarse graves irregularidades na atención ás persoas residentes**.**

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:39 Por Elena Espinosa Mangana

Falamos de mulleres e homes de idade avanzada,  que confiaron en atopar neses centros un lugar tranquilo, digno e seguro para vivir. Non entanto, a realidade coa que se atoparon foi outra: sobreocupación, deficiencias sanitarias e alimentarias**,** e nalgúns casos, un grao de dependencia superior ao autorizado para este tipo de instalacións.

O centro de Xinzo, autorizado para acoller a dez persoas,  segundo informa un medio de comunicación, tiña 15 residentes no momento da inspección. As condicións detectadas polos funcionarios da Xunta foron o suficientemente graves como para ordenar o peche inmediato e o traslado urxente dos maiores a outras prazas da rede pública. En Amoeiro, outra vivenda comunitaria foi tamén clausurada  o que levou mesmo á Fiscalía a abrir dilixencias para investigar as condicións nas que vivían as persoas usuarias.

Asinado o día 30/12/2025 ás 17:39 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Estes casos son un sinal de alerta sobre un sistema que non está a garantir o que debe: seguridade, atención de calidade e dereitos básicos para as persoas maiores**.**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As vivendas comunitarias, especialmente nas zonas rurais, xurdiron como unha alternativa moi valiosa para quen non pode vivir só pero tampouco precisa unha residencia de alta dependencia. Porén, sen un control real e continuado, este modelo pode converterse nun espazo de vulnerabilidade e risco.

É necesario preguntarse:

- Como é posible que se chegase a esta situación sen que se detectase antes?

- Cantos centros máis poderían estar operando por enriba da súa capacidade ou con persoal insuficiente?

- Está a Xunta de Galicia a cumprir co seu deber de supervisión e control dun servizo que afecta a un dos colectivos máis fráxiles da nosa sociedade?

Cando unha Administración autoriza e supervisa un centro, debe garantir que as condicións reais coincidan coas esixidas pola lei, e que ningunha persoa quede desprotexida.

Por iso, o que aconteceu en Xinzo de Limia  e en Amoeiro debe ser un punto de inflexión. A Xunta de Galicia ten que dar explicacións, pero sobre todo tomar medidas: reforzar as inspeccións, dotar de máis medios ao persoal que as realiza, poñer en marcha protocolos de alerta e denuncia accesibles para familiares e usuarios, e asegurar que ningún centro quede fóra do control público.

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os protocolos con que se realizan os controis e inspeccións nestes centros ?

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43659
Data envío: 30/12/2025 17:58:55.630

2. Conta a Xunta con persoal suficiente e especializado para desenvolver estas funcións?

3. Pode o Goberno galego informar sobre o número total de vivendas comunitarias inspeccionadas no último ano, e cantas foron obxecto de sancións, advertencias ou clausuras por irregularidades? E de residencias de maiores?

4. Que medidas de acompañamento se ofreceron ás persoas maiores e familias afectadas polos peches de San Gabriel (Xinzo de Limia) e O Xardín (Amoeiro)? En que condicións e centros foron reubicadas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43659
Data envio: 30/12/2025 17:58:55.630

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 17:39:03**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 17:39:10**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 17:39:16**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 43659
Data envio: 30/12/2025 17:58:55.630

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 17:58:56**

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
1.1.1. NORMAS APROBADAS
1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
1.2.1. INVESTIDURA
1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
1.3.5. MOCIÓNS
1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
1.4.3. INTERPELACIÓNS
1.4.4. PREGUNTAS
1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS


CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-GbAk1saFi-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/